



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE DOCE DE NOVEMBRO DE DOUS MIL VINTE E UN
(ACTA NÚMERO 44)

Presidenta:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

Sres. Deputados:

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D. Roberto Fernández Rico

D. José Luis Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **doce de novembro de dous mil vinte e un**, baixo a Presidencia da Sra. Vicepresidenta D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón, por ausencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten o Ilmo. Sr. Presidente D. José Tomé Roca, a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez e o Sr. Deputado D. Xosé María Arias Fernández.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA CINCO DE NOVIEMBRE DE DOS MIL VINTE E UN.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día cinco de novembro de dous mil vinte e un que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DO EQUIPAMENTO PARA O CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE NAVIA DE SUARNA. LOTE 3 LAVANDARÍA.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 4 de novembro de 2021, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes.

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7EYXXOHRJIJ667Q5NF437UGY¹.

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



Prego de prescricións técnicas, asinado pola Técnica da Sección de Benestar, con CSV IV7EYXQZOF6LLRJN2HY4D4DP4Q.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7EYXYYFJJD75P3WMFQKQHSEU.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7EY624EAO5XFEJZXWAMNAON4.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7EY62TLLRMVXV7SYISCDS7BY.

Informe de fiscalización previa, con CSV: IV7EY7LJN14LJ6GJZUPE6AQXAU.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV7EY7L4BT5IUXM5UI6XAJKABY.

Acordo da Xunta de Goberno de data 16 de xullo de 2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7EYC3JAEMTJWZYARVWEJIEMY.

Acta da Mesa de Contratación do día 5 de agosto de 2021, con CSV IV7EEGALJQM5J7VL4Y556ADDOQ, que acordou o seguinte:

“(…)

2.- En canto ao Lote 3 Lavandaría, conceder o trámite de xustificación da oferta presentada, previsto no art. 149.4 da LCSP, en relación coa cláusula décimo terceira do PCAP que rexe esta licitación, por un prazo de 5 días hábiles, ao encontrarse a súa oferta en presunción de desproporcionada ou anormalmente baixa, a Fermongal Reparaciones, S.L.. Acórdase que polo Servizo de Contratación se efectúen os trámites de xustificación de oferta desproporcionada existente e se convoque novamente á Mesa para exame do preceptivo informe técnico.” (…)

Acta da Mesa de Contratación do día 24 de agosto de 2021, con CSV IV7EGMKJJVJKURHMDRHKDITDMQ, que acordou o seguinte:

“Conceder á empresa Fermongal Reparaciones, S.L. un prazo de tres días hábiles de subsanación, para que aporte a documentación á que fai referencia na súa declaración, a fin de xustificar a viabilidade da súa oferta, en orde ao correcto desenvolvemento da subministración.”

Acta de Mesa de Contratación do día 22 de setembro de 2021, con CSV IV7FQ6CTDZ4SXNH3SEERGNHP6U, que acordou o seguinte:

“(…)

En canto á aclaración presentada en tempo e forma pola empresa Fermogal Reparaciones, S.L., no Lote 3, emitiu informe o Servizo de benestar Social e Igualdade, con CSV: IV7FWWCCEB5C7W4C447FG4QA5Y:

“A oferta presentada conta con varias condicións susceptibles de determinar o baixo nivel dos custos das mesas e, concretamente nos seguintes valores:

1. Condicións excepcionalmente favorables para a prestación do servizo:

a) A empresa Fermogal Reparaciones, S.L. conta como colaborador asiduo coa empresa Instalaciones del Valle Monforte, S.L. para o cumprimento da parte correspondente a obra do lote 3 e que supón case un 22 % do lote. Tendo en conta que a empresa Instalaciones del Valle Monforte, S.L. está especializada neste tipo de instalacións e sendo coñecedores de que a mesma ten a sede preto do Centro de Atención as persoas Maiores de Navia de Suarna non é de estrañar que ambos extremos poidan supoñer unha gran vantaxe económica tal e como alega a licitadora.

b) A empresa Fermogal Reparaciones, S.L. conta cun stock propio e cunha relación comercial fluída e prolongada con provedores do sector da lavandería industrial polo que pode chegar a obter moi boas condicións e descontos no tocante a adquisición dos equipos e maquinaria comercial.

Conclusión: Tendo en conta o antedito considerase que a información achegada explica satisfactoriamente o baixo nivel dos custos propostos pola empresa Fermogal Reparaciones, S.L. e que, por tanto, a oferta pódese cumprir sen rebaixar a calidade das prestacións do subministro solicitado nos pregos”.

A Mesa acorda facer seu o informe do Servizo de Benestar social e igualdade e aceptar a xustificación da oferta por unanimidade dos presentes.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, elevar ao órgano de contratación os seguintes acordos:



Que, pola Presidencia, se adopte a seguinte resolución referente ao Lote 3 Lavandaría:

Outorgar aos licitadores admitidos as seguintes puntuacións e clasificalos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº DE ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	FERMONGAL REPARACIONES, S.L.	100
2	ALARSA HOSTELERA, S.L.	87,99
3	COMERCIAL CASAL, S.L.	84,41
4	MARIÑA CLIMA, S.L.	76,76

Requirir á empresa Fermongal Reparaciones, S.L. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a efectiva disposición dos medios que se tivese comprometido a adscribir á execución do contrato e a constitución da garantía definitiva polos importes que se relacionan acto seguido, significándolle que, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

PREZO DE ADXUDICACIÓN sen iva	IMPORTE DA GARANTÍA
43.850,00 €	2.192,50 €

(...)"

12.- Acta da Mesa de Contratación do día 22 de outubro de 2021, con CSV IV7F5QKSHEB273EYWZFSOYIX4I que acordou o seguinte:

“A Mesa de contratación, con data 22 de setembro de 2021, acordou, en canto ao lote 3 Lavandaría, desta licitación, requirir á empresa Fermongal Reparaciones, S.L. para que presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP. Notificouse Resolución de Presidencia á

empresa con data 28 de setembro e con data 14 de outubro de 2021, Fermongal Reparaciones, S.L. presentou, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, parte da documentación e constituíuse a garantía polo importe requirido. Non presentou documentos acreditativos da solvencia económica e técnica, sendo correcta o resto de documentación.

Por outra banda, constan no rolece, como representantes da empresa, dous administradores mancomunados. Sen embargo, unicamente un deles presentou, no seu momento, a proposición, polo que procede requirir a subsanación da presentación da declaración responsable e oferta (Anexos I e III) a fin de que sexa asinada por ambos.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou por unanimidade dos seus integrantes:

Requirir á empresa Fermongal Reparaciones, S.L. para que, no prazo de tres días hábiles, presente a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a seguinte documentación:

Os Anexos I e III do PCAP presentados inicialmente, asinados polos administradores mancomunados.

Calquera alteración dos elementos da oferta contida no Anexo III é causa de exclusión.

Documentos acreditativos da solvencia económica, financeira e técnica:

1. Solvencia económica e financeira: Deberá acreditarse por algún dos seguintes medios:

a) Volume anual de negocios, referido ao ano de maior volume de negocios dos tres últimos concluídos. A estes efectos, o volume anual de negocios deberá ser como mínimo unha vez e media o valor anual medio do contrato:

LOTE	IMPORTE €
3	82.098,00 €



O volume anual de negocios do licitador ou candidato acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro e, en caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

b) Patrimonio neto positivo, ao peche do último exercicio económico para o que estea vencida a obriga de aprobación de contas anuais por importe igual o superior a unidade.

2. Solvencia técnica ou profesional: Deberá acreditarse polo seguinte medio:

Unha relación das principais subministracións realizadas, de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato, durante os tres últimos anos, na que se indique o importe, a data e o destinatario, público ou privado dos mesmos. As subministracións efectuadas acreditaranse mediante certificados ou visados expedidos polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañada dos documentos obrantes en poder do mesmo que acrediten a realización da prestación; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente. O requisito mínimo será que o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70 por cento do valor anual medio do contrato:

LOTE	IMPORTE €
3	38.312,40 €

(...)”

Reunida o día de hoxe, 4 de novembro de 2011, a Mesa de Contratación, acorda o seguinte:

Reunida a Mesa de Contratación aos efectos de examinar a subsanación da documentación do artigo 150 da LCSP, correspondente ao lote 3 lavandaría, infórmase que a licitadora presentou na Plataforma de Contratos do Sector Público, completando a mesma en sede electrónica, en prazo, a documentación requirida pola Mesa en sesión de 22 de outubro de 2021. A continuación, previo exame da documentación presentada, relaciónase a documentación, entendendo que toda a

documentación está presentada correctamente, segundo o recollido no art. 150.2 LCSP e na cláusula décimo sétima do PCAP, xa que aos membros da mesa, previamente á celebración da mesma, se lles dá acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar todas a documentación que o integra.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, elevar ao órgano de contratación o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Fermongal Reparaciones, S.L., con CIF B94065042, a contratación da subministración do equipamento para o centro de atención ás persoas maiores de Navia de Suarna, Lote 3 Lavandaría, por un importe de 43.850 euros aos que se engadirán 9.208,50 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 53.058,50 euros, cun prazo de garantía para a totalidade dos produtos do lote de 5 anos.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Fermongal Reparaciones, S.L., con CIF B94065042, a contratación da subministración do equipamento para o centro de atención ás persoas maiores de Navia de Suarna, Lote 3 Lavandaría, por un importe de 43.850 euros aos que se engadirán 9.208,50



euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 53.058,50 euros, cun prazo de garantía para a totalidade dos produtos do lote de 5 anos.

2º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

3º.- O prazo máximo de entrega é de dous meses desde a sinatura da acta de inicio.

4º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE VALORACIÓN ECONÓMICA E ADAPTACIÓN A PREZOS DE MERCADO DE ACCIÓNS DE PATROCINIO DEPORTIVO DA ÁREA DE DEPORTES.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a acta da Mesa de Contratación do día 27 de outubro de 2021, na que se recolle o seguinte:

“Antecedentes:

Solicitud de consignación orzamentaria, con CSV: IV7EEPPLLZGT3OVZQQ4DON2CMI.

Informe de insuficiencia de medios, con CSV: IV7EZXLJJN6NIRBO2IOVIYDS6E.

Consignación orzamentaria, con CSV: IV7EEPQIJFYLSFKAYNWMV7HFY e IV7EEPQIJFYLSFKAYNWMV7HFY.

Proposta de inicio de contratación e Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7EHX2IB57O3HPZZTUAIJTGE.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7FUTSP35BSXBFICRW4CVD6L.

Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV: IV7FUAIOPEEJLD7ZADYFMMRHGM.

Informe xurídico asinado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7FUAINNF72XPPYQUGX4AKVJ4.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7FUHXOLJ7YXHZDC4HNJZQGM.

Acordo da Xunta de Goberno de data 03 de setembro de 2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV.

Anuncio de licitación, publicado na plataforma de contratación do sector público o día 06 de setembro 2021.

Acta da Mesa de Contratación do día 22 de setembro de 2021, con CSV:, na que se recolle o seguinte:

“Sendo 10:59 horas do día 22 de setembro de 2021, baixo a Presidencia de Don José Domingo Rodríguez Ferreira, constitúese a mesa de contratación - a través de medios electrónicos- co obxecto de tratar os asuntos seguidamente relacionados e que constan na convocatoria efectuada na data do 17 de setembro do 2021.

Primeiro.- Acto de apertura oferta criterios cuantificables automaticamente (art. 159) correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente 2021/CON_02/000065 para adxudicar o contrato de Servizos de valoración económica e adaptación a prezos de mercado de acción de patrocinio deportivo da Área de Deportes da Deputación de Lugo.



Segundo.- Acto de valoración oferta criterios cuantificables automáticamente (art. 159) correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente 2021/CON_02/000065 para adxudicar o contrato de Servizos de valoración económica e adaptación a prezos de mercado de acción de patrocinio deportivo da Área de Deportes da Deputación de Lugo.

Terceiro.- Mellor valorado. Requirimento de documentación - 2021/CON_02/000065.

Pola Presidencia dáse conta de que a licitación de referencia se presenta únicamente a mercantil Tasaciones Hipotecarias Renta S.A.

Acto seguido procédese á apertura en acto público, a través da retransmisión en streaming da proposta presentada, cos seguintes resultados:

No tocante á documentación administrativa, a mesa de contratación apreciou que a única empresa concorrente presenta o Anexo I incompleto, particularmente detéctase que non cumpimenta o apartado 17. A mesa de contratación acorda requirir a enmenda do erro detectado no prazo de tres días hábiles.

No tocante ao Anexo III, a empresa Tasaciones Hipotecarias Renta S.A. oferta o seguinte:

O prezo por cada estudo/acción de valoración económica e adaptación a prezos de mercado de patrocinio deportivo de ámbito estatal ascende a 3.150 euros, aos que se engadirán 661,5 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 3.811,5 euros.

O prezo por cada estudo/acción de valoración económica e adaptación a prezos de mercado de patrocinio deportivo de ámbito provincial ascende a 2.700 euros, aos que se engadirán 567 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 3267 euros.

A licitadora oferta o seguinte equipo de traballo por encima do mínimo requirido:

1 Persoa licenciada en Publicidade e Relacións Públicas.

1 Persoa licenciada en Comunicación Audiovisual.

1 Persoa PPC Mánager, Social Media Mánager o Content Marketing.

Acto seguido procédese á valoración da proposta presentada, atendendo as fórmulas matemáticas recollidas no PCAP, obtento un total de 100 puntos.

A continuación realizouse o cálculo para identificar a existencia de posibles baixas desproporcionadas ou anormais, constatando que a oferta da empresa Tasaciones Hipotecarias Renta S.A., pode estar incurso en valores anormais ou desproporcionados en relación co criterio prezo, atendendo aos seguintes cálculos:

De conformidade co recollido no apartado Q do PCAP, e considerando que concorre un único licitador será considerado desproporcionada a oferta que sexa inferior ao orzamento base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais, é dicir, 26.545,83 euros (IVE incluído).

Engade o apartado Q do PCAP, que aos efectos de calcular a baixada desproporcionada por tratarse dunha licitación con un prezo unitario de referencia, considerarase como oferta económica o resultado— axustado a dous decimais— da seguinte fórmula matemática: $[4 (\text{prezo unitario ofertado polo licitador para as accións de patrocinio deportivo de ámbito estatal}) + 2 (\text{prezo unitario ofertado polo licitador para as accións de patrocinio deportivo de ámbito provincial})]$, polo que neste caso, considérase como oferta económica da mercantil 21.780 euros. $[(4*3811,5)+(2*3267)]$

Constátase pola mesa de contratación que a empresa se atopa ao Corrente de débedas coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e de alta no epígrafe 834 - Serv. Propiedad Inmobiliaria e Industria do IAE; acordando incorporar documentación acreditativa de ditos extremos ao expediente.

Constan no rolece datos relativos á capacidade da empresa e da representación dos asinantes da proposta, así como o obxecto social suficiente para a realización do obxecto do contrato.



A Mesa de Contratación acorda, solicitar de oficio certificado de débedas á recadación provincial da Deputación de Lugo e proceder á incorporación deste ao expediente.

Pola Presidencia explicouse que, nestas licitacións tramitadas por procedemento simplificado “sumario”, o artigo 159.4 da LCSP dispón que, logo da avaliación, clasificación de ofertas e proposta de adxudicación a favor do candidato con mellor puntuación, no caso de que a oferta do licitador que obtivera mellor puntuación se presuma que é anormalmente baixa, se seguirá o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP, se ben o prazo máximo para que xustifique a súa oferta o licitador non poderá superar os 5 días hábiles desde o envío da correspondente comunicación.

Neste procedemento simplificado “sumario” a Lei permite que se acumule, respecto do licitador que obtivo mellor puntuación a solicitude de documentación que non conste nos rexistros de licitadores, co trámite de xustificación da oferta desproporcionada ou anormalmente baixa, polo que a mesa de contratación acorda requirir simultaneamente a evacuación de ambos trámites.

No caso de que a empresa proposta non xustifique a súa proposición e sexa excluída, pasará ao seguinte licitador. Neste caso, convocaríase unha nova mesa de contratación.

De xustificar adecuadamente a oferta presentada, en termos que deba ser admitida a súa proposición, entenderase, automaticamente, salvado o condicionante establecido, de sorte que se continuará coa tramitación, aos efectos de adxudicar e formalizar o contrato.

A Mesa de Contratación, acordou por unanimidade:

Requirir á empresa Tasaciones Hipotecarias Renta S.A. requirir a enmenda do Anexo I, no prazo de tres días hábiles.

Conceder o trámite de xustificación das ofertas presentadas, previsto no art. 149.4 da LCSP, en relación coa cláusula décimo terceira do PCAP que rexe esta licitación, por un prazo non superior a 5 días hábiles, ao licitador que obtivo a mellor puntuación (Tasaciones Hipotecarias Renta S.A.), ao encontrarse en presunción de desproporcionada ou anormalmente baixa.

Requirir, á empresa Tasaciones Hipotecarias Renta S.A., para que no prazo de sete días hábiles, acredite a efectiva adscripción ao obxecto do contrato do equipo de traballo ofertado.”

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe 27 de outubro de 2021, n primeiro lugar dáse conta aos asistentes de que A empresa Tasaciones Hipotecarias Renta S.A., subsanou o anexo I en tempo e forma. Acto seguido comunícase aos asistentes que a mesa de contratación en sesión celebrada o día 22 de setembro de 2021, apreciou que constan no rolece datos relativos á capacidade da empresa e da representación dos asinantes da proposta, sen percatarse de que no referido rexistro consta acreditación para a sinatura mancomunada da proposta. Resultando que neste caso a proposta se presenta asinada por un dos administradores, de conformidade co PCAP, cando o contratista actúe mediante representante, ou se trate dunha sociedade ou persoa xurídica, deberá achegar documento fidedigno acreditativo da existencia de representación e do ámbito das súas facultades para elo. A mesa de contratación acorda solicitar de oficio ao servizo de asesoría xurídica o bastanteo de poder, posto que consta no expediente escritura achegada polo licitador, e incorporalo ao expediente.

Polo que se refire a xustificación da oferta e ao equipo de traballo ofertado, solicitouse informe técnico á unidade xestora, con CSV: IV7F6XB7NR63ZS6KC7QBKRAOKQ, que se incorpora ao expediente, no que se conclúe o seguinte:

“Que por tanto, a xuízo de quen asina e á vista da documentación achegada pola empresa Thirsa SA, considérase viable a realización dos traballos previstos e detallados no PPT de acordo aos importes ofertados.

Que á vista do documento de Thirsa SA de data 10/04/2021 relativo a medios profesionais, de adscripción ao contrato, e do documento de data 1/10/2021 no que formula “Escrito justificativo de oferta económica de tasaciones Hipotecarias Renta, S.A.”, a xuízo de que asina considérase que o persoal reflectido e declarado de adscripción ao contrato, cumpriría cos requisitos previstos no PPT para a realización dos traballos a desenvolver.”



A Mesa de Contratación acorda aceptar o informe técnico e facelo seu e consecuentemente acorda admitir a proposta presentada pola empresa Tasaciones Hipotecarias Renta S.A., ao considerar que coa documentación achegada se xustifica a viabilidade da oferta e que o equipo técnico ofertado se axusta aos requisitos mínimos esixidos nos pregos.

Polo que vai dito, a mesa de contratación previa incorporación ao expediente do bastanteo de poder, acorda elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta:

Adxudicar á empresa Tasaciones Hipotecarias Renta S.A., o contrato de Servizos de valoración económica e adaptación a prezos de mercado de acción de patrocinio deportivo da Área de Deportes da Deputación de Lugo, por importe de 29.251,60 euros, aos que se engadirán 6.142,84 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 35.394,44 euros, atendendo ao seguinte desglose:

O prezo por cada estudo/ acción de valoración económica e adaptación a prezos de mercado de patrocinio deportivo de ámbito estatal ascende a 3.150 euros, aos que se engadirán 661,5 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 3.811,5 euros.

O prezo por cada estudo/ acción de valoración económica e adaptación a prezos de mercado de patrocinio deportivo de ámbito provincial ascende a 2.700 euros, aos que se engadirán 567 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 3.267 euros.

A licitadora oferta o seguinte equipo de traballo por encima do mínimo requirido:

- 1 Persoa licenciada en Publicidade e Relacións Públicas.
- 1 Persoa licenciada en Comunicación Audiovisual.
- 1 Persoa PPC Mánager, Social Media Mánager o Content Marketing.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao Servizo de Intervención para que proceda á fiscalización previa á adxudicación aos efectos oportunos.”

Polo que vai dito, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Clasificar aos licitadores admitidos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN ACADADA
1	Tasaciones Hipotecarias Renta S.A.	100 puntos

2º.- Adxudicar á empresa Tasaciones Hipotecarias Renta S.A., o contrato de Servizos de valoración económica e adaptación a prezos de mercado de acción de patrocinio deportivo da Área de Deportes da Deputación de Lugo, por importe de 29.251,60 euros, aos que se engadirán 6.142,84 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 35.394,44 euros, atendendo ao seguinte desglose:

O prezo por cada estudo/acción de valoración económica e adaptación a prezos de mercado de patrocinio deportivo de ámbito estatal ascende a 3.150 euros, aos que se engadirán 661,5 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 3.811,5 euros.

O prezo por cada estudo/acción de valoración económica e adaptación a prezos de mercado de patrocinio deportivo de ámbito provincial ascende a 2.700 euros, aos que se engadirán 567 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 3.267 euros.

A licitadora oferta o seguinte equipo de traballo por encima do mínimo requirido:

1 Persoa licenciada en Publicidade e Relacións Públicas.

1 Persoa licenciada en Comunicación Audiovisual.

1 Persoa PPC Mánager, Social Media Mánager o Content Marketing.

A administración non está obrigada a esgotar a totalidade deste orzamento por tratarse dun contrato de servizos con orzamento limitativo no que o empresario se obriga a executar o servizo de forma sucesiva e por prezo unitario, sen que o número total de prestacións incluídas no obxecto do contrato se defina con exactitude ao tempo de celebrar este, por estar subordinadas as mesmas ás necesidades da Administración.



O orzamento distribúese, atendendo ás seguintes anualidades:

Anualidade 2021: 17.697,22 euros.

Anualidade 2022: 17.697,22 euros.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2022 a cantidade indicada, nas aplicación correspondente.

Os gastos plurianuais está sometidos ás limitacións establecidas no art. 174 do R.D. legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 79 a 88 do Decreto 500/1990 de 20 de abril, e regúlanse na base nº 19 de execución do Orzamento xeral vixente

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

4º.- Instar á formalización do contrato, que se efectuará pola firma da aceptación polo contratista da resolución de adxudicación, conforme ao previsto no artigo 159.6 letra g) da LCSP.

5º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE ADXUDICACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

Primeiro.- *Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra: PALAS DE REI.- Rehabilitación de firme LU-P-2901 “LU-232 – O Burgo – Palas de Rei (N-547)” P.K 21+370 a 25+000.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 27/10/2021, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións: “(...)

Antecedentes.

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7E6TD7GBOCZDETYRGN4B7GIY².

Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: PALAS DE REI.- Rehabilitación de firme LU-P-2901 “LU-232 – O Burgo – Palas de Rei (N-547)” P.K 21+370 a 25+000, con CSV: IV7E6TCLYD7K7FMI3QOSHYQEP4.

Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7E6W7JJNPCJCP3SUXC4P3EKM.

Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7E2YPM3YM63CW22M5SHZYUH4.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7E2YPCYEXCXXJISVWUH4JV54.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7E27QYLHZI73GM2BOCKDQQME.

Acordo da Xunta de Goberno, de data 30/07/2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7E3WC4PNU43D5I2QEMOM7V4E.

Publicación, o día 05/08/2021, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

² Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación d Sector Público.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 01/09/2021, para apertura da documentación administrativa (sobre A) e criterios avaliados automaticamente (sobre B), con CSV: IV7FUEC4PBM6TW6NU7Q54YCEFY.

De conformidade coa acta correspondente á sesión da Mesa de Contratación deuse conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente.

Tendo en conta que os licitadores concorrentes presentaron as súas propostas dentro do prazo estipulado, procedeuse á apertura e exame dos sobres “A” (documentación administrativa), observándose deficiencias na mesma, no sentido que non resulta posible abrir o arquivo dixital que conten o Anexo I achegado pola mercantil TA Isidro Hnos Blanco Trigo SL, polo que a mesa, por unanimidade acorda, requirir a esta, concedéndolle un prazo de 3 días hábiles, para a achega de declaración responsable (Anexo I) nos termos do PCAP e proseguir coa apertura de ofertas, condicionada á achega da documentación indicada pola empresa sinalada.

Acto seguido procedeuse á apertura da documentación contida no Sobres “B”, cos seguintes resultados:

PALAS DE REI.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-2901 “LU-232 – O BURGO – PALAS DE REI (N-547)” P.K 21+370 A 25+000

ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)

VALOR ESTIMADO

CLASIFICACION EXIGIDA:

PRAZO DE EXECUCION:

207.481,81
171.472,57

NO
9 MESES
MAXIMO
3.429,45

	EMPRESAS / (GRUPO)	DOC "A"	(A) PRECIO (75)	(B) MELLORAS (20)	(C) P. DIVULGACIÓN (5)	CRITERIO DESEMPATE
			PREZO (IVE incluído - art 102)	Oferta (m cuneta formigon)	Oferta (sen IVE) (MAX. 2% S/ V. Estimado	Plantel / Discapacitados
1	CHOLO SL		187.439,07 €	54,00	413,22 €	25/2
2	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	A	186.214,16 €	0,00	0,00 €	49/0
3	CONSTRUCCIONES RAFAEL SL		188.393,48 €	15,00	3.429,44 €	26/0
4	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	A	206.910,00 €	500,00	3.429,00 €	6/0
5	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	B	174.422,00 €	148,90	867,77 €	16/0
6	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL		200.000,00 €	10,00	100,00 €	14/0
7	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	B	169.322,00 €	0,00	867,77 €	195/3
8	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL		203.020,95 €	25,00	113,07 €	4/0
9	OVIS PAVIMENTOS Y OBRAS SLU		183.145,60 €	0,00	0,00 €	37/1
10	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL	*	204.369,57 €	150,00	1.200,00 €	37/2

Así mesmo faise constar que durante a apertura das ofertas, a da mercantil T.A. Isidro Hnos Blanco Trigo SL, detéctase erro aritmético no redondeo do IVE e polo tanto na suma total da oferta, (en 0,01 euros), polo que ao tratarse dun mero erro aritmético, a mesa corríxeo e inclúe o importe correcto no cadro precedente, seguindo así os mesmos criterios que en casos similares acaecidos con anterioridade e en base igualmente a diversos pronunciamentos dos TARC. (Castilla Leon- Resolución 43 e 44/2014 de 5 de xuño; TACRC de 25 de abril, resolución 334/2014).

Previa á apertura da oferta presentada pola mercantil TA Isidro Hnos Blanco Trigo SL, tomou a palabra o Vogal D. Pablo Seoane Cancelo, manifestando a conveniencia de deixar sen abrir a oferta desta mercantil, ata que presente o Anexo I, (declaración responsable), xa que a admisión era provisional, acordando a mesa, logo das correspondentes deliberacións, seguir coa apertura de todas as ofertas.

Tendo en conta o anterior, procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)			PRECIO (75)		MELLORAS (20)		P. DIVULGACIÓN (5)		TOTAL
			Oferta	Ptos	Oferta (m cuneta formigón)	Ptos	Oferta (máximo 2% v. estimado)	Ptos	PUNTOS
1	CHOLO SL		187.439,07 €	39,39	54,00	2,16	413,22 €	0,60	42,15
2	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	A	186.214,16 €	41,80	0,00	0,00	0,00 €	0,00	41,80
3	CONSTRUCCIONES RAFAEL SL		188.393,48 €	37,52	15,00	0,60	3.429,44 €	5,00	43,12
4	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	A	206.910,00 €	1,12	500,00	20,00	3.429,00 €	5,00	26,12
5	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	B	174.422,00 €	64,98	148,90	5,96	867,77 €	1,27	72,21
6	FEVISA VIAS Y OBRAS SL		200.000,00 €	14,70	10,00	0,40	100,00 €	0,15	15,25
7	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	B	169.322,00 €	75,00	0,00	0,00	867,77 €	1,27	76,27
8	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL		203.020,95 €	8,77	25,00	1,00	113,07 €	0,16	9,93
9	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU		183.145,60 €	47,83	0,00	0,00	0,00 €	0,00	47,83
10	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL		204.369,57 €	6,12	150,00	6,00	1.200,00 €	1,75	13,87

De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:



EMPRESAS			OFERTA
			Oferta
1	CHOLO SL		187.439,07 €
2	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	A	186.214,16 €
3	CONSTRUCCIONES RAFAEL SL		188.393,48 €
4	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	A	206.910,00 €
5	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	B	174.422,00 €
6	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL		200.000,00 €
7	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	B	169.322,00 €
8	OBRA Y SANEAMIENTOS GALICIA SL		203.020,95 €
9	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU		183.145,60 €
10	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL		204.369,57 €

MEDIA 190.238,10

BAIXA DESPROPORCIONADA 171.214,29

10% ARRIBA 209.261,91

Non se teñen en conta a efectos de cálculo de baixa desproporcionada por pertenza con outra empresa a un mesmo grupo:	
EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	206.910,00 €
EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	174.422,00 €

Tendo en conta que as oferta presentada pola empresa Francisco Gómez y Cía SL incorren en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, polo que, a mesa acordou, que polo Servizo de Contratación e Fomento –Unidade de Obras e Plans–, se tramitase a concesión da apertura do trámite de audiencia ao contratista indicado, para que xustifique a súa oferta e se solicite o asesoramento e informes do Servizo correspondente.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 22/09/2021, para dar conta da xustificación da baixa desproporcionada, con CSV: IV7FQDXDLUMO33BIY4YCCITWL4.

De conformidade coa acta correspondente á sesión da Mesa de Contratación deuse conta do informe do Servizo de Vías e Obras, relativa á xustificación da baixa desproporcionada ou anormalmente baixa da mercantil Francisco Gómez y Cía SL, na que conclúe “....A xuízo do técnico que subscribe, e en base ao establecido na cláusula décimo terceira do PCAP e o art. 149.4 da LCSP que reñen esta contratación, a xustificación presentadas pola mercantil Francisco Gómez y Cía, SL da oferta para a obra en licitación non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos e custos propostos, dado que non se motiva axeitada nin suficientemente a valoración da oferta nin se precisan as súas condicións.

O que se traslada á Mesa de Contratación para o seu coñecemento e toma de decisión sobre a viabilidade da execución dos traballos por parte da mercantil Francisco Gómez y Cía, SL.”.

A Mesa, tendo en conta o informe anteriormente citado, por unanimidade, acorda aceptalo e en consecuencia facelo seu, incorporado ao expediente, polo que acorda excluír a mercantil Francisco Gómez y Cía SL da licitación ao non xustificar a súa oferta incursa en temeridade, e a

clasificación do resto ofertas, feita valoración mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra.

Visto canto antecede, así como o recollido na acta da mesa de data 01/09/2021, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade elevar ao Órgano de Contratación a seguinte proposta:

Excluír a proposta presentada pola mercantil Francisco Gómez y Cía SL, ao non considerar xustificado a súa oferta, incluída en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa.

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)			TOTAL
			PUNTOS
1	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	B	72,21
2	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU		47,83
3	CONSTRUCCIONES RAFAEL SL		43,12
4	CHOLO SL		42,15
5	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	A	41,80
6	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	A	26,12
7	FEVISA VIAS Y OBRAS SL		15,25
8	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL		13,87
9	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL		9,93

Requirir á empresa Explotaciones Gallegas SL para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA- e acredite a efectiva disposición dos medios persoais e materias mínimos indicados nos pregos e a constitución da garantía definitiva por importe de 7.207,52 euros, que supón o 5% do prezo de adxudicación sen IVE, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.



Por resolución da Presidencia de data 29/09/2021 con CSV: IV7FRWK333UO57G2AJINC4JWEY, clasificouse aos licitadores presentados e acordouse requirir á empresa Explotaciones Gallegas SL para que dentro do prazo de dez hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, séndolle notificada á indicada mercantil, a través da Plataforma de Contratos do Sector público, o día 30-09-2021, rematando o prazo de presentación o día 18/10/2021. A mercantil Explotaciones Gallegas SL, presentou a documentación requirida o 15/10/2021 a través da plataforma de contratos do sector público.

Reunida a Mesa o día de hoxe, 27/10/2021, ós efectos da apertura da documentación remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa Explotaciones Gallegas SL presenta a documentación requirida en tempo.

A Mesa de Contratación, vista a documentación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Explotaciones Gallegas SL con C.I.F. B-15410608 representada por D. Alberto López Martín, con DNI ***4709**, a contratación da obra denominada PALAS DE REI.- Rehabilitación de firme LU-P-2901 “LU-232 – O Burgo – Palas de Rei (N-547)” P.K 21+370 a 25+000 no prezo de 174.422,00 €, dos cales 30.271,59 € corresponden ao IVE (21%); unhas melloras de obra consistentes en 148,90 metros de lonxitude de cuneta formigonada, coas características indicadas no PCAP; un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 867,77€ mais IVE e un prazo de execución de 9 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as melloras de obra, o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da poliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acord co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma”.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Explotaciones Gallegas SL con C.I.F. B-15410608 representada por D. Alberto López Martín, con DNI ****4709**, a contratación da obra denominada PALAS DE REI.- Rehabilitación de firme LU-P-2901 “LU-232 – O Burgo – Palas de Rei (N-547)” P.K 21+370 a 25+000 no prezo de 174.422,00 €, dos cales 30.271,59 € corresponden ao IVE (21%); unhas melloras de obra consistentes en 148,90 metros de lonxitude de cuneta formigonada, coas características indicadas no PCAP; un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 867,77 € mais IVE e un prazo de execución de 9 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán



esta condición, as seguintes: programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

4º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

5º.-Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra: O PÁRAMO.- Acondicionamento da LU-P-4304 “Pobra de San Xiao (LU-546)- Páramo (LU-P-2904)”, P.K. 5+200 a 5+435 e tramo antigo da LU-P-2904 “Conturiz (N-VI) – Páramo (LU-P-4304)” (1.164M).*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 03/11/2021, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións: “(...)

Antecedentes.

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7E6HXTHMNYXWWJ2ZNG6ICGGY³.

Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: O PÁRAMO.- Acondicionamento da LU-P-4304 “Pobra de San Xiao (LU-546)- Páramo (LU-P-2904)”, P.K. 5+200 a 5+435 e tramo antigo da LU-P-2904 “Conturiz (N-VI) – Páramo (LU-P-4304)” (1.164M), con CSV: IV7E6H3KFNZK6WWDUP7VP7XHHDY.

Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7E6LKKNP655D6SQH4TM5BGME.

Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7E2HDNBFX4KSN4BQMTCHQPIA.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7E2HLJLZESZCOK2X44I4T7A4.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7E2KY5LD74VVE2S5E5IISX6M.

Acordo da Xunta de Goberno, de data 13/08/2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7EGWHYLMGYQTGO2HWNNAVHFDY.

Publicación, o día 19/08/2021, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación d Sector Público.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 16/09/2021, para apertura da documentación administrativa (sobre A) e criterios avaliáveis automaticamente (sobre B), con CSV: IV7FXT24DYZ6JGHYCIXFA4ZC44.

De conformidade coa acta correspondente á sesión da Mesa de Contratación deuse conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente.

³ Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



Tendo en conta que os licitadores concorrentes presentaron as súas propostas dentro do prazo estipulado, procedeuse á apertura e exame dos sobres “A” (documentación administrativa), resultando que todas presentan a documentación correctamente. A mesa de contratación acordou admitir todas as propostas presentadas ao proceso de adxudicación.

Acto seguido procedeuse á apertura da documentación contida no Sobres “B”, cos seguintes resultados:

O PÁRAMO.- ACONDICIONAMENTO DA LU-P-4304 “POBRA DE SAN XIAO (LU-546)- PÁRAMO (LU-P-2904)”, P.K. 5+200 A 5+435 E TRAMO ANTIGUO DA LU-P-2904 “CONTURIZ (N-VI) – PARAMO (LU-P-4304)” (1.164M)
ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)

VALOR ESTIMADO

CLASIFICACION EXIGIDA:

PRAZO DE EXECUCION:

367.722,81		
303.903,15	63.819,66	DE IVE (partida independiente)
NO		
6 MESES	MAXIMO	2% s/ ve
	6.078,06	

	EMPRESAS / (GRUPO)	DOC "A"	PRECIO (95)	P. DIVULGACIÓN (5)	CRITERIO DESEMPATE
			PREZO (IVE incluído - art 102)	Oferta (sen IVE) (MAX. 2% S/ V. Estimado)	Plantel / Discapacitados
1	ADECON OBRAS Y SERVICIOS SL		345.503,40 €	530,00 €	9/0
2	BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS SL		311.056,72 €	607,80 €	9/0
3	CHOLO SL		336.687,00 €	396,69 €	25/2
4	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	A	317.012,74 €	0,00 €	49/0
5	CONSTRUCCIONES RAFAEL SL		319.771,76 €	6.078,06 €	28/0
6	EXCAVACIONES SANTIÑO SL	A	325.102,80 €	6.058,00 €	6/0
7	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL		320.650,00 €	1.000,00 €	14/0
8	HORDESCÓN SL		354.668,65 €	470,19 €	19/0
9	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL		121.107,34 €	163,53 €	3/0
10	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU		303.347,00 €	0,00 €	37/1
11	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL		298.590,91 €	3.000,00 €	37/2

Tendo en conta o anterior, procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

	EMPRESAS / (GRUPO)	PRECIO (95)		P. DIVULGACIÓN (5)		TOTAL
		Oferta	Ptos	Oferta (máximo 2% v. estimado)	Ptos	PUNTOS
1	ADECON OBRAS Y SERVICIOS SL	345.503,40 €	8,56	530,00 €	0,44	9,00
2	BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS SL	311.056,72 €	21,83	607,80 €	0,50	22,33
3	CHOLO SL	336.687,00 €	11,96	396,69 €	0,33	12,29
4	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	317.012,74 €	19,53	0,00 €	0,00	19,53
5	CONSTRUCCIONES RAFAEL SL	319.771,76 €	18,47	6.078,06 €	5,00	23,47
6	EXCAVACIONES SANTIÑO SL	325.102,80 €	16,42	6.058,00 €	4,98	21,40
7	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL	320.650,00 €	18,13	1.000,00 €	0,82	18,95
8	HORDESCÓN SL	354.668,65 €	5,03	470,19 €	0,39	5,42
9	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL	121.107,34 €	95,00	163,53 €	0,13	95,13
10	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	303.347,00 €	24,80	0,00 €	0,00	24,80
11	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL	298.590,91 €	26,63	3.000,00 €	2,47	29,10

De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS			OFERTA
			Oferta
1	ADECON OBRAS Y SERVICIOS SL		345.503,40 €
2	BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS SL		311.056,72 €
3	CHOLO SL		336.687,00 €
4	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	A	317.012,74 €
5	CONSTRUCCIONES RAFAEL SL		319.771,76 €
6	EXCAVACIONES SANTIÑO SL	A	325.102,80 €
7	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL		320.650,00 €
8	HORDESCÓN SL		354.668,65 €
9	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL		121.107,34 €
10	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU		303.347,00 €
11	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL		298.590,91 €

MEDIA
302.839,55

BAIXA DESPROPORCIONADA
272.555,60

10% ARRIBA
333.123,51

Non se teñen en conta a efectos de cálculo de baixa desproporcionada por pertenza con outra empresa a un mesmo grupo:
EXCAVACIONES SANTIÑO SL

A vista do anterior, observase que a oferta da mercantil Obras y Saneamientos Galicia SL, incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, polo que, a mesa acorda, que polo Servizo de Contratación e Fomento –Unidade de Obras e Plans-, se tramite a concesión da apertura do trámite de audiencia ao contratista indicado, concedéndolle un prazo de 5 días hábiles para que xustifique a súa oferta; e se remita ao Servizo correspondente a fin de emitir informe en relación coa xustificación da amentada baixa desproporcionada.

Acta da Mesa de Contratación, con CSV: IV7FSEJFZJC6X55WEFVEM7AAQ, reunida en acto público con data 06/10/2021, para dar conta da documentación achegada pola mercantil Obras y Saneamientos Galicia SL, cuxa oferta incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa. Na xustificación remitida indica:

“(…)

Debido a un error administrativo se intercambiaron los presupuestos de las citadas obras al hacer el cálculo de la baja (…)”

Entre as funcións da mesa de contratación, o artigo 22.f do RD 817/2009, de 8 de maio, do Regulamento de desenvolvemento da Lei de Contratos do Sector público, precisa “...Cuando entienda que alguna de las proposiciones podría ser calificada como anormal o desproporcionada,



tramitará el procedimiento previsto al efecto por el artículo 136.3 de la Ley de Contratos del Sector Público, y en vista de su resultado propondrá al órgano de contratación su aceptación o rechazo, de conformidad con lo previsto en el apartado 4 del mismo artículo”.

De non presentarse xustificación da oferta presentada, non cabe a valoración e verificación da súa viabilidade, de modo que a execución da prestación que constitúe o obxecto do contrato quede garantida nos termos fixados nos pregos de condicións (ver acordo 21/2013, do 30 de abril, do TAC de Aragón) e igualmente que naquela oferta desproporcionada ou anormal non existen prácticas restritivas de competencia.

Como recorda o TACRC, en resolución 217/2011, do 14 de novembro, no procedemento de xustificación da oferta non é suficiente unha afirmación, senón que se require unha explicación, que mal pode combatirse se non queda reflexada por escrito, ou como e o caso admite que se tratou dun erro administrativo ao confundir ou intercambiar os orzamentos de dúas obras distintas.

Visto canto antecede, así como a acta da mesa de contratación de data 16/09/2021, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade elevar ao Órgano de Contratación a seguinte proposta:

Excluir a proposta presentada pola mercantil Obras y Saneamientos Galicia SL por non xustificar a baixa desproporcionada ou anormal na que incorre a súa oferta, admitindo incluso un erro no calculo das baixas ao intercambiar orzamentos de obras distintas.

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)			TOTAL
			PUNTOS
1	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL		29,10
2	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU		24,80
3	CONSTRUCCIONES RAFER SL		23,47
4	BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS SL		22,33
5	EXCAVACIONES SANTIÑO SL	A	21,40
6	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	A	19,53
7	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL		18,95
8	CHOLO SL		12,29
9	ADECON OBRAS Y SERVICIOS SL		9,00
10	HORDESCÓN SL		5,42

Requirir á empresa TA Isidro Hnos Blanco Trigo SL para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA- e acredite a efectiva disposición dos medios mínimos esixidos no PCAP, e a constitución da garantía definitiva por importe de 12.338,47 euros, que supón o 5% do prezo de adjudicación sen IVE, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderáse que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Por resolución da Presidencia de data 11/10/2021, con CSV: IV7FTXL62AEMTBEDQYNVB3QG74, clasificouse aos licitadores presentados e acordouse requirir á empresa TA Isidro Hnos Blanco Trigo SL, para que dentro do prazo de dez hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, séndolle notificada á indicada mercantil, a través da Plataforma de Contratos do Sector público, o día 13/10/2021, rematando o prazo de presentación o día 27/10/2021. A mercantil TA Isidro Hnos Blanco Trigo SL, presentou a documentación requirida o 18/10/2021 a través da plataforma de contratos do sector público e 25/10/2021 a través da sede electrónica.

Reunida a Mesa o día de hoxe, 03/11/2021, ós efectos da apertura da documentación remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa TA Isidro Hnos Blanco Trigo SL presenta a documentación requirida en tempo.

A Mesa de Contratación, vista a documentación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa TA Isidro Hnos Blanco Trigo SL con C.I.F. B-27186774 representada por D. Manuel Blanco Trigo, con DNI ***5558**, a contratación da obra denominada



O PÁRAMO.- Acondicionamento da LU-P-4304 “Pobra de San Xiao (LU-546)- Páramo (LU-P-2904)”, P.K. 5+200 a 5+435 e tramo antigo da LU-P-2904 “Conturiz (N-VI) – Paramo (LU-P-4304)” (1.164M), no prezo de 298.590,91 €, dos cales 51.821,56 € corresponden ao IVE (21%); un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 3.000,00€ mais IVE e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da poliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa TA Isidro Hnos Blanco Trigo SL con C.I.F. B-27186774 representada por D. Manuel Blanco Trigo, con DNI ***5558**, a contratación da obra denominada O PÁRAMO.- Acondicionamento da LU-P-4304 “Pobra de San Xiao (LU-546)- Páramo (LU-P-2904)”, P.K. 5+200 a 5+435 e tramo antigo da LU-P-2904 “Conturiz (N-VI) – Paramo (LU-P-4304)” (1.164M), no prezo de 298.590,91 €, dos cales 51.821,56 € corresponden ao IVE (21%); un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 3.000,00 € mais IVE e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as seguintes: programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

4º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

5º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Convenio entre a Deputación de Lugo e o Concello de Barreiros.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“Aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Barreiros, para a realización conxunta dunha actividade, “Mellora do abastecemento de auga potable nos núcleos de Áspera e Vilar”, para o fin común de mellora dos servizos públicos no rural; e do gasto, por importe de 78.681,87 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2021.

Dona Ana Belén Ermida Igrexas, en nome e representación do Concello de Barreiros, presentou no Rexistro telemático desta entidade, o 29 de outubro de 2021, escrito mediante o cal solicita a formalización dunha relación interadministrativa de cooperación para a realización conxunta coa Deputación Provincial de Lugo dunha actividade, “mellora do abastecemento de auga potable nos núcleos de Áspera e Vilar”, para o fin común de mellora dos servizos públicos no rural.

No expediente relativo á dita solicitude, consta informe da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, do seguinte teor:

(...).

“Consideracións legais e técnicas

Os convenios a través dos que se formalicen as relacións interadministrativas de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e outras Administracións Públicas, Organismos públicos e entidades de Dereito público vinculados ou dependentes daquelas regúlanse por:

A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (en adiante, LRXSP).

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante, LALGA).

A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante, LRBRL).

O Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (en adiante, TRRL).

O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 202, do 3 de setembro de 2020 (en adiante, RODPL).

As Bases de Execución do Orzamento vixentes en cada momento, de aplicación preferente en materia económico- orzamentaria.

Tal e como se reflicte na memoria achegada pola representante do Concello de Barreiros, xunto coa súa solicitude de formalización do convenio, a conexión de abastecemento de auga potable existente na actualidade dende o núcleo de San Cosme atópase en dous estados diferentes: Un primeiro tramo está executado en precario, con unha tubaxe ao aire libre que non cumpre cos mínimos urbanísticos nin de saúde pública, tratándose, ademais, dun material plástico exposto ás inclemencias meteorolóxicas e, polo tanto, ás modificacións que poida sufrir o material polo que discorre a auga potable como consecuencia dos cambios de temperatura.

Un segundo tramo discorre por tubaxe antiga de fibrocemento que está sometida a continuos cambios de presión, que xera constantes problemas de roturas e avarías, que inciden na calidade do subministro de auga que chega aos fogares e explotacións existentes.

Conclúese, polo tanto, que é precisa a renovación total do tramo que comunica a vía principal de abastecemento en San Cosme coas secundarias situadas nos núcleos de Áspera e Vilar.

Os traballos consistirán na renovación da canalización dende San Cosme, por medio de tubaxe de 160 mm. de diámetro, ata o cruce de enganche coa rede de subministro a ditos barrios,



así como a execución das arquetas de conexión precisas para garantir o abastecemento de ambas poboacións.

O abastecemento de auga potable a domicilio é, entre outras, unha materia na que os municipios exercen, en todo caso, unha competencia propia, constituíndo, asemade, un servizo mínimo de prestación obrigatoria en todos eles, a tenor do disposto no artigo 26.1.a) da LRBRL.

Mais é evidente que as entidades locais, como é o caso do municipio de Barreiros, carecen en moitos casos de medios económicos e materiais para o exercicio pleno das competencias descritas, pois estas constitúen unha pequena parte da totalidade das que lles corresponden.

Por elo, cómpre ter en conta os principios de actuación das entidades integrantes do sector público establecidos na LRXSP, xa que as Administracións Públicas serven con obxectividade os intereses xerais, debendo respectar na súa actuación e relacións, entre outros, os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as mesmas.

Así o establece o artigo 3.1.k) da LRXSP, que continúa dispoñendo, no seu artigo 140.1.d), que:

As diferentes Administracións Públicas actúan e se relacionan con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes de estas de acordo cos seguintes principios:

(...).

d) Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e no exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos de cara a unha acción común (...).

Á súa vez, o artigo 143 do mesmo texto legal establece que:

As Administracións cooperarán ao servizo do interese xeral e poderán acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio.

A formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos de órganos de cooperación ou en convenios.

Finalmente, consonte ao artigo 144 daquela lei:

Poderase dar cumprimento ao principio de cooperación de acordo coas técnicas que as Administracións interesadas estimen máis adecuadas, como poden ser:

(...).

d) A prestación de medios materiais, económicos ou persoais a outras Administracións Públicas (....).

Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben.

En parecido senso, aínda que de xeito máis restrinxido, se pronuncia a regulación autonómica, ao establecer o artigo 193.1.b) da LALGA:

As Entidades Locais galegas e a Xunta de Galicia adecuarán a súa actuación aos seguintes principios:

(...).

b) A colaboración, cooperación e auxilio que puidesen precisar conxunturalmente para o eficaz cumprimento das súas tarefas.

Xa no ámbito da normativa local, dispón o artigo 57 da LRBRL:

A cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de intereses común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os consorcios ou os convenios administrativos que subscriban.

Así mesmo, o artigo 111 do TRRL establece:

As Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por convinte, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades.

Pois ben, consonte ao artigo 47 da LRXSP:



Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común (...).

Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos asinados entre dúas ou máis Administracións públicas, ou ben entre dous ou máis organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas Administracións públicas ... (...).

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada LRXSP establece:

1. As Administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión da titularidade da competencia.

(...).

3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

(...).

5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sustentables, debendo quen os subscriban ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio.

6. As achegas financeiras que se comprometan a realizar os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio.

(...).

8. Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes.

Polo tanto, a relación de cooperación interadministrativa suscitada polo Concello de Barreiros configúrase como un aparello técnico administrativo que se adecúa con plenitude aos

principios xerais de actuación e funcionamento do sector público nas súas relacións, tal e como quedaron expostos.

No que ao requisito de exercicio de competencias propias se refire, esixido polo amentado artigo 140.1.d) da LRXSP para a formalización das relacións de cooperación a través de convenios; consonte ao artigo 36.1 da LRBRL, son competencias propias da Deputación as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública e, en todo caso, entre outras, a que se menciona no apartado d) do dito artigo, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALGA, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d): en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Pois ben, atendendo á normativa citada, é claro que as competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación proxectada, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA, xa que a promoción do desenvolvemento do sector agrogandeiro, como sector básico da economía da provincia, contribúe, sen ningunha dúbida, ao desenvolvemento económico e social, especialmente en concellos rurais, como o de Barreiros.

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3:

Non se entenderá como exercicio de novas competencias:

(...).



f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...

Para maior abastanza, no caso que nos ocupa é de aplicación o artigo 30 do TRRL, segundo o cal:

A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin:

a) os medios económicos propios da mesma que se asignen.

(...)

A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados.

Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril (...).

As formas de cooperación serán (...):

h) A subscrición de convenios administrativos.

Pola súa banda, o municipio de Barreiros, consonte ao artigo 25 da LRBRL:

Para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestalos servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos deste artigo.

O municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

(...).

c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación de augas residuais.

(...).

Ademais, segundo establece o artigo 26 da mesma Lei, relativo á prestación dos servizos mínimos polos Municipios:

1. Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:

a) En tódolos Municipios: alumado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento de auga potable, rede de sumidoiros, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.

(...).

3. A asistencia das Deputacións ou entidades equivalentes aos Municipios, prevista no artigo 36, dirixirase preferentemente ao establecemento e axeitada prestación dos servizos mínimos.

Polo tanto, ostentando o municipio de Barreiros competencias propias en materia de abastecemento de auga potable a domicilio, que, así mesmo, constitúen servizo mínimo de prestación obrigatoria por tódolos municipios, queda lexitimada a competencia de aquel na execución do citado proxecto.

Ademais, a subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos e encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, sinalado no artigo 36 da LRBRL.

En canto ao órgano da Deputación competente para a aprobación do texto do convenio suscitado, así como do gasto que, en concepto de achega económica, corresponda asumir á Deputación, consonte ao artigo 59 do RODPL:

Correspóndelle á Xunta de Goberno:

(...).

b) As seguintes atribucións, delegadas do presidente/a e do Pleno:

(...).

18. Conceder subvencións na contía da aprobación do gasto en materia de contratación, e aprobar convenios de colaboración con outras entidades locais, organismos e administracións públicas, nos mesmos termos e condicións que os sinalados para a determinación da competencia en contratación, sempre que a devandita competencia non lle sexa atribuída ao presidente/a.

(...).



Por elo, cómpre ter en conta os termos e condicións sinalados para a determinación da competencia en materia de contratación no citado Regulamento. A este respecto, segundo establece o apartado 8 do citado artigo 59, correspóndelle á Xunta de Goberno adxudicar todos os contratos de obras de contía superior á determinada para os contratos menores.

O obxecto do convenio que nos ocupa, pese a non constituír contrato administrativo, por razóns que non cómpre analizar aquí, correspóndese coas prestacións propias dos contratos administrativos de obras.

En consecuencia, atendendo ao disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o valor estimado a ter en conta para determinar o órgano competente para a aprobación do convenio será de 40.000 €, correspondéndolle a competencia ao presidente, no caso de que o importe total do convenio sexa inferior a aquel, e á Xunta de Goberno nos demais casos.

O importe total necesario para a execución das actuacións previstas no convenio proxectado (sen IVE) é de 68.448,78 €. Polo tanto, será a Xunta de Goberno o órgano competente para a aprobación do texto do convenio de cooperación proxectado e para a aprobación do gasto en concepto de achega económica comprometida pola Deputación no seu marco.

Considerando o anteriormente exposto, e á vista da documentación que obra no expediente, informo favorablemente para que, logo dos demais trámites regulamentarios procedentes, se aproben pola Xunta de Goberno:

1. O texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Barreiros, para a realización conxunta dunha actividade, “Mellora do abastecemento de auga potable nos núcleos de Áspera e Vilar, para o fin común de mellora dos servizos públicos no rural, por importe total de 82.823,02 €, dos que 78.681,87 € serán a cargo da Deputación de Lugo e 4.141,15 € a cargo do Concello de Barreiros.

2. O gasto, por importe de 78.681,87 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2021, a favor do Concello de Barreiros, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.”

Consta no expediente, así mesmo, certificación, expedida pola Sección de Contabilidade e Contas da Unidade de Intervención, acreditativa da existencia de saldo suficiente para a autorización do gasto derivado da sinatura do convenio.

No expediente consta tamén informe xurídico favorable do Servizo de Contratación e Fomento, do 5 de novembro de 2021, relativo ao texto do citado convenio.

E consta, ademais, a conformidade da Unidade de Intervención, manifestada no seu informe de fiscalización limitada previa do 8 de novembro de 2021.

Tendo en conta o exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Barreiros, para a realización conxunta dunha actividade, “Mellora do abastecemento de auga potable nos núcleos de Áspera e Vilar, para o fin común de mellora dos servizos públicos no rural, por importe total de 82.823,02 €, dos que 78.681,87 € serán a cargo da Deputación de Lugo e 4.141,15 € a cargo do Concello de Barreiros.

2º.- Aprobación do gasto, por importe de 78.681,87 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2021, a favor do Concello de Barreiros, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



Segundo.- *Convenio entre a Deputación de Lugo e o Concello de Foz.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aprobación, se procede, do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir pola Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Foz, para a realización conxunta dunha actividade, “Contratación temporal dun oficial pintor e dun oficial albanel”, para o fin común de mantemento e mellora de: locais sociais, equipamentos de titularidade municipal, instalacións de ocupación do tempo libre, equipamentos culturais, parques e xardíns; así como de mellora na prestación do servizo de xestión de residuos sólidos; e do gasto, por importe de 25.897,91 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.46200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2021, a favor do Concello de Foz, en concepto de achega económica comprometida pola Deputación no marco do citado convenio.

O Concello de Foz solicitou, o 19 de outubro de 2021, mediante escrito presentado no Rexistro telemático desta entidade, a subscrición dun convenio interadministrativo de cooperación para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Contratación temporal dun oficial pintor e dun oficial albanel”.

No expediente relativo á dita solicitude constan, ademais dos documentos esixidos por esta entidade para ter en consideración a mesma, informe da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, que se expresa nos seguintes termos:

“Consideracións legais e técnicas.

Os convenios a través dos que se formalicen as relacións interadministrativas de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e outras Administracións Públicas, Organismos públicos e entidades de Dereito público vinculados ou dependentes daquelas regúlanse por:

A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (en adiante, LRXSP).

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante, LALGA).

A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante, LRBRL).

O Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (en adiante, TRRL).

O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 202, do 3 de setembro de 2020 (en adiante, RODPL).

As Bases de Execución do Orzamento vixente en cada momento, de aplicación preferente en materia económico- orzamentaria.

As Administracións Públicas serven con obxectividade os intereses xerais, debendo respectar na súa actuación e relacións, entre outros, os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as mesmas. Así o establece o artigo 3.1.k) da LRXSP, que continúa dispoñendo no artigo 140.1.d):

As diferentes Administracións Públicas actúan e se relacionan con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes de estas de acordo cos seguintes principios:

(...).

c) Colaboración, entendido como o deber de actuar co resto de Administracións Públicas para o logro de fins comúns.

d) Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e no exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos de cara a unha acción común (...).

Á súa vez, establece o artigo 143 do mesmo texto legal:

As Administracións cooperarán ao servizo do interese xeral e poderán acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio.

A formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos de órganos de cooperación ou en convenios.

Finalmente, consonte ao artigo 144 daquela lei:



Poderase dar cumprimento ao principio de cooperación de acordo coas técnicas que as Administracións interesadas estimen máis adecuadas, como poden ser:

(...).

d) A prestación de medios materiais, económicos ou persoais a outras Administracións Públicas (....).

Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben.

En parecido senso, aínda que de xeito máis restrinxido, se pronuncia a regulación autonómica, ao establecer o artigo 193.1.b) da LALGA que:

As Entidades Locais galegas e a Xunta de Galicia adecuarán a súa actuación aos seguintes principios:

(...).

b) A colaboración, cooperación e auxilio que puidesen precisar conxunturalmente para o eficaz cumprimento das súas tarefas.

Xa no ámbito da normativa local, dispón o artigo 57 da LRBRL:

A cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de intereses común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os consorcios ou os convenios administrativos que subscriban.

Así mesmo, o artigo 111 do TRRL establece:

As Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por convinte, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades.

Pois ben, consonte ao artigo 47 da LRXSP:

Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común (...).

Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos asinados entre dúas ou máis Administracións públicas, ou ben entre dous ou máis organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas Administracións públicas ... (...).

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada LRXSP establece:

1. As Administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión da titularidade da competencia.

(...).

3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

(...).

5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sustentables, debendo quen os subscriban ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio.

6. As achegas financeiras que se comprometan a realizar os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio.

(...).

8. Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes.



Polo tanto, a relación de cooperación interadministrativa suscitada polo Concello de Foz configúrase como un aparello técnico administrativo que se adecúa con plenitude aos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público nas súas relacións, tal e como quedaron expostos.

No que ao requisito de exercicio de competencias propias se refire, esixido polo amentado artigo 140.1.d) da LRXSP para a formalización das relacións de cooperación a través de convenios; consonte ao artigo 36.1 da LRBRL, son competencias propias da Deputación as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública e, en todo caso, entre outras, a que se menciona no apartado d) do dito artigo, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALGA, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d); en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Pois ben, atendendo á normativa citada, é claro que as competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación proxectada, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA, xa que un axeitado mantemento das zonas verdes do Concello propoñente contribúe, sen ningunha dúbida, ao desenvolvemento social, especialmente en concellos rurais, como o de Foz, nos que estas zonas teñen un gran protagonismo, converténdose en centros de relacións sociais e esporexemento.

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3:

Non se entenderá como exercicio de novas competencias:

(...).

f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...

Para maior abastanza, no caso que nos ocupa é de aplicación o artigo 30 do TRRL, segundo o cal:

A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin:

a) os medios económicos propios da mesma que se asignen.

(...)

A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados.

Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril (...).

As formas de cooperación serán (...):

h) A subscrición de convenios administrativos.

Pola súa banda, o Concello de Foz consonte ao artigo 25 da LRBRL:

Para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestalos servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos deste artigo.

O municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

(...).

b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos (...).

(...).

d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

(...).

l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.



(...).

Polo tanto, sendo competencias propias do Concello de Foz: os equipamentos da súa titularidade; a promoción das instalacións de ocupación do tempo libre; os equipamentos culturais; e, ademais, o medio ambiente urbano, en particular, no que a parques e xardíns públicos e a xestión dos residuos sólidos urbanos se refire, queda lexitimada a competencia do concello na execución do citado proxecto.

Ademais, tendo en conta que o concello solicitante da formalización do convenio é, tal e como quedou exposto, un concello cun carácter eminentemente rural, con amplas zonas verdes e de espaxamento, é evidente que o proxecto que se promove contribúe de xeito directo a satisfacer as necesidades da comunidade veciñal.

Por se fora pouco, a subscripción deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos e encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, sinalado no artigo 36 da LRBRL.

O convenio obxecto deste informe ten natureza administrativa e instrumenta a cooperación entre Administracións Públicas que ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), polo que non lle é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, segundo o disposto no artigo 2.4.b) do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

No que se refire ao encaixe que o proxecto ten nas actuacións que a Deputación de Lugo leva a cabo nas materias de agricultura, gandería e pesca, cómpre ter en conta que o Municipio de Foz ten un carácter eminentemente rural, onde os núcleos de poboación, incluso os que poden considerarse máis urbanos, teñen unha clara composición e estrutura rural. De feito, o estudo sobre a distribución dos usos existentes no territorio de Foz demostra que no Municipio predominan claramente os usos rústicos (agrícola, gandeiro e forestal).

E é que o medio rural é un dos elementos fundamentais na vertebración social e económica galega, en xeral, e da provincia de Lugo, en particular. Ademais, é o soporte físico de un extenso e variado patrimonio natural e cultural que representa hoxe un dos nosos grandes valores, sendo a base de moitas actividades económicas do sector primario, é dicir, relacionadas coa obtención de recursos da natureza, como poden ser, entre outras, a agricultura, a gandería e a pesca.

Para o desenvolvemento do sector primario e, en consecuencia, do medio rural, é imprescindible procurar as condicións óptimas para que aquelas actividades se poidan levar a cabo do xeito máis eficiente posible, a través de actuacións no ámbito económico, tales como a dotación e actualización constante de instalacións e equipamentos.

Mais todas estas actuacións de carácter económico carecerían de eficacia se o elemento subxectivo do medio rural, a súa poboación, non atopa unhas condicións de vida dignas que lle permitan desenvolver un sentido de pertenza ao territorio tal, que lle faga dispoñerse a construír unha sociedade sobre a base dos amentados recursos, e a exercer actividades económicas permanentes nas áreas rurais.

En definitiva, o desenvolvemento do sector primario, das súas actividades económicas e, en consecuencia, do medio rural, require non só de actuacións de carácter económico, senón, ademais, doutro tipo de actuacións no ámbito social. Deste xeito, podemos concluír que a mellora da calidade de vida dos habitantes do rural e a protección do seu tecido social constitúense en puntos clave do desenvolvemento rural.

O Concello de Foz pretende a cooperación económica da Deputación de Lugo para a contratación temporal dun oficial pintor e un oficial albanel, o que lle permitirá exercer axeitadamente as súas competencias en materia de: equipamentos da súa titularidade, promoción das instalacións de ocupación do tempo libre e equipamentos culturais; sen prexuízo de que, ademais, lle permita o exercicio das súas competencias en materia de medio ambiente urbano, en particular, no que a parques e xardíns públicos e a xestión de residuos sólidos urbanos se refire; competencias todas elas atribuídas legalmente polo artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.



O exercicio pleno destas competencias contribúe, sen ningunha dúbida, á mellora da calidade de vida dos habitantes do rural, o que repercute, de xeito directo, na creación dunha conciencia colectiva de pertenza orgullosa a un medio rural que pode contar con moitas potencialidades, se recibe os coidados e atencións que precisa; todo o que deriva no desenvolvemento social e, en consecuencia, económico, do sector primario, en actividades como a agricultura, a gandería e a pesca.

En canto ao órgano da Deputación competente para a aprobación do texto do convenio suscitado, así como do gasto que, en concepto de achega económica, corresponda asumir á Deputación, consonte ao artigo 59 do RODPL:

Correspóndelle á Xunta de Goberno:

(...).

b) As seguintes atribucións, delegadas do presidente/a e do Pleno:

(...).

18. Conceder subvencións na contía da aprobación do gasto en materia de contratación, e aprobar convenios de colaboración con outras entidades locais, organismos e administracións públicas, nos mesmos termos e condicións que os sinalados para a determinación da competencia en contratación, sempre que a devandita competencia non lle sexa atribuída ao presidente/a.

(...).

Por elo, cómpre ter en conta os termos e condicións sinalados para a determinación da competencia de contratación no citado Regulamento. A este respecto, segundo establece o apartado 8 do seu artigo 59, correspóndelle á Xunta de Goberno adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

O obxecto do convenio que nos ocupa, pese a non constituír contrato administrativo, por razóns que non cómpre analizar aquí, correspóndese co obxecto dos contratos de servizos.

En consecuencia, atendendo ao disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o importe a ter en conta para determinar o órgano competente para

a aprobación do convenio será de 15.000 €, correspondéndolle a competencia ao presidente, no caso de que o importe total do convenio sexa inferior a aquel, e á Xunta de Goberno nos demais casos.

O importe total necesario para a execución das actuacións previstas no convenio proxectado é de 23.408,35 €. Polo tanto, será a Xunta de Goberno o órgano competente para a aprobación do texto do convenio de cooperación proxectado e para a aprobación do gasto en concepto de achega económica comprometida pola Deputación no seu marco.

Considerando o anteriormente exposto, e á vista da documentación que obra no expediente, informo favorablemente para que, logo dos demais trámites regulamentarios procedentes, se aproben pola Xunta de Goberno:

O texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Foz, para a realización conxunta dunha actividade, “Contratación temporal dun oficial pintor e dun oficial albanel”, para o fin común de mantemento e mellora de: locais sociais, equipamentos de titularidade municipal, instalacións de ocupación do tempo libre, equipamentos culturais, parques e xardíns; así como de mellora na prestación do servizo de xestión de residuos sólidos; por importe total de 27.260,96 €, dos que 25.897,91 € serán a cargo da Deputación de Lugo e 1.363,05 € a cargo do Concello de Foz.

O gasto, por importe de 25.897,91 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.46200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2021, a favor do Concello de Foz, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.”

Consta no expediente, así mesmo, informe xurídico favorable do Servizo de Contratación e Fomento, do 2 de novembro de 2021, relativo ao texto do citado convenio.

E consta, ademais, a conformidade da Unidade de Intervención, manifestada no seu informe de fiscalización limitada previa do 3 de novembro de 2021.



Tendo en conta o exposto, proponho que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Foz, para a realización conxunta dunha actividade, “Contratación temporal dun oficial pintor e dun oficial albanel”, para o fin común de mantemento e mellora de: locais sociais, equipamentos de titularidade municipal, instalacións de ocupación do tempo libre, equipamentos culturais, parques e xardíns; así como de mellora na prestación do servizo de xestión de residuos sólidos; por importe total de 27.260,96 €, dos que 25.897,91 € serán a cargo da Deputación de Lugo e 1.363,05 € a cargo do Concello de Foz.

2º.- Aprobación do gasto, por importe de 25.897,91 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.46200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2021, a favor do Concello de Foz, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo, o Concello de Lugo e o Colexio Oficial de Enfermería de Lugo co obxecto de colaborar nos gastos derivados da “Escultura en homenaxe ao ano internacional da enfermía, ano 2020- 2021”.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

“Asunto: Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo, o Concello de Lugo e o Colexio Oficial de Enfermería de Lugo co obxecto de colaborar nos gastos derivados da “Escultura homenaxe ao ano internacional da enfermía 2020/2021), ano 2021.

En relación ao asunto de referencia (EXP:2021/OSB_01/000004), relativo á aprobación dun convenio de cooperación entre Deputación de Lugo, o concello de Lugo e o Colexio Oficial de Enfermería de Lugo, co obxecto de colaborar nos gastos derivados da “Escultura Homenaxe ao Ano Internacional da Enfermería 2020/2021) dende da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe:

Consideracións xurídico administrativas.

Lexislación de réxime local.

Primeiro.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...) d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LRBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

Segundo.- A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL, ao sinalar que: “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos



obligatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...). 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados. 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril (...). 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativo; (...)”.

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alén do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co art. 193.2 da Lei 5/1997” LALGA -, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceiro.- No artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Cuarto.- A cooperación da Deputación Provincial cos Concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades Locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 de marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.

Primeiro: No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indícase que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1^a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d), que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración Pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Segundo.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios establecendo que: “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades Públicas entre sí ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.



Os Convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou máis Administracións públicas, ou ben, entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e de eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarto.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 da Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

1. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

2. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)”.

Quinto.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa.

“1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.

2. O seu impacto económico cuantificado.

3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.

4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, o previsto no artigo 48 da citada Lei”.

Sexto.- Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico-financiera e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétimo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades,



tanto pola causa, como polos fins e mesmos o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24/UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público-público).

Conclusiones.

En base ao anteriormente exposto:

Primeiro.- As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Concellos).

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de exercicio de novas competencias: “(...). f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...”, e na letra “g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias”.

Segundo.- Pola súa banda,

O Municipio de Lugo, consonte o artigo 25 da LRBRL:

“Para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiración da

comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo. O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias : (...).h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local. m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.”.

O Ilustre Colexio Oficial de Enfermería de Lugo é unha corporación de dereito público, integrante da organización colexial de enfermería, amparada pola lei e recoñecida polo Estado e pola Comunidade Autónoma de Galicia, no ámbito das súas respectivas competencias, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para cumprir os seus fins.

Terceiro.- O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordeamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades Locais, as entidades con personalidade xurídica pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídica privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adjudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”.

Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo parágrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervenientes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que: “As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre sí dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual: (...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6 (...)”.



Cuarto.- Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

Quinto.- Consta informe de consignación orzamentaria, por importe de 35.0000,00 €, na aplicación orzamentaria 9250.789 no vixente orzamento xeral.

Incorpórase ao expediente minuta de convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo, o Concello de Lugo e o Colexio Oficial de Enfermería de Lugo.

As citadas entidades se comprometen a realizar as seguintes aportacións económicas:

ANUALIDADE	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO LUGO	ACHEGA COLEXIO OFICIAL DE ENFERMERÍA DE LUGO	OUTRAS FONTES DE FINANCIAMENTO
2021	15.000,00 €	15.000,00 €	23.000,00 €	2.000,00 €
TOTAL	55.000,00 €			

Sexto.- O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59.18 do vixente regulamento orgánico da Deputación Provincial (BOP, núm. 2020 de data 3 de setembro de 2020) e no establecido na base 24.4ª das Bases de Execución do Orzamento provincial para o ano 2021, que recolle que o órgano competente é a Xunta de Goberno cando o importe de xeito individual sexa igual ou superior a 15.000,00 €.

Así pois a proposta de aprobación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar o texto do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo, o Concello de Lugo e o Colexio Oficial de Enfermería de Lugo co obxecto de colaborar nos gastos derivados da “Escultura en homenaxe ao ano internacional da enfermía ano 2020-2021, por importe total de 55.000,00 €.

Aprobar o gasto de 15.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789 do vixente orzamento Xeral da Deputación de Lugo para o ano 2021, a favor do Colexio Oficial de Enfermería de Lugo, para sufragar os gastos derivados da “Escultura en homenaxe ao ano internacional da enfermería ano 2020-2021.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo, o Concello de Lugo e o Colexio Oficial de Enfermería de Lugo co obxecto de colaborar nos gastos derivados da “Escultura en homenaxe ao ano internacional da enfermería ano 2020-2021, por importe total de 55.000,00 €.

2º.- Aprobar o gasto de 15.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789 do vixente orzamento Xeral da Deputación de Lugo para o ano 2021, a favor do Colexio Oficial de Enfermería de Lugo, para sufragar os gastos derivados da “Escultura en homenaxe ao ano internacional da enfermería ano 2020-2021.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Cuarto.- *Convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) consistente na actualización, análise, mantemento e mellora da enquisa de infraestruturas e equipamentos locais dos concellos da provincia de Lugo (EIEL-2021).*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Visto o informe do Responsable da EIEL na Deputación, de data 3 de novembro de 2021, relativo ao convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para a realización da actividade consistente na actualización,



análise, mantemento e mellora da enquisa de infraestrutura e equipamentos locais para os concellos da provincia de Lugo (EIEL 2021); no que literalmente se precisa:

“Asunto: Informe proposta relativa ao convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) consistente na actualización, análise, mantemento e mellora da enquisa de infraestruturas e equipamentos locais dos concellos da provincia de Lugo (EIEL-2021).

A USC cumpriu satisfactoriamente cos obxectivos marcados no anterior convenio firmado o 04/06/2019 para a elaboración da EIEL2018 e EIEL2019, cumpríndose satisfactoriamente as dúas edicións e que en resume estiveron compostas das seguintes actuacións que son:

1. Actualización da información almacenada na base de datos espacial e Sistema de Información Xeográfica (SIX) da EIEL nas edicións 2018 e 2019.

2. Subministración de información sobre a EIEL e asistencia a Concellos da Provincia de Lugo, correspondendo un total de 19 exportacións totais de datos pertencentes a 10 municipio.

3. Realización de un curso anual de 30 horas en Sistemas de Información Xeográfica (SIX), impartidos a causa da Covid-19 de xeito mixto, tanto no Edificio Cactus do campus de Lugo como vía telemática nos anos 2020 e 2021, para técnicos municipais dos concellos da provincia de Lugo, tendo gran afluencia de participantes e sumo interese nas materias tratadas.

4. Mellora e ampliación da base de datos, incorporándose na Enquisa as entidades que teñen entre 5 e 10 vivendas (que antes non se estudiaban), en total uns 31 concellos da provincia de Lugo (Riotorto, Meira, Ribeira de Piquín, Pol, A Fonsagrada, Baleira, Negueira de Muñiz, Palas de Rei, Monterroso, Antas de Ulla, Outeiro de Rei, Guntín, Navia de Suarna, Baralla, Becerreá, As Nogais, Bóveda, Carballedo, Chantada, Folgoso do Courel, Friol, Monforte, Pantón, Páramo, Pobra de Brollón, Quiroga, Samos, Sarria, Saviñao, Taboada, Triacastela). Nesta ampliación, complementaria da realizada no convenio anterior (EIEL-2016 e EIEL-2017), incorporáronse á enquisa 1.078 novos núcleos de poboación que aumentaron a cobertura da mesma a máis de 10.000 persoas (segundo datos do Padrón de 2018). Con isto a enquisa pasou de analizar 4.098 núcleos a contemplar o estudo de 5.176 poboamentos.

5. Melloras realizadas na páxina web (<http://eieldelugo.usc.es>) e na infraestrutura de datos espaciais da administración lucense (Ideal).

Debido ao grande avance das tecnoloxías TIC nos últimos anos, realizouse unha profunda actualización das versións das librerías e ferramentas que compoñen o servidor web, preservando sempre o carácter de software libre na súa configuración final. Por outro lado actualizouse e renovouse tamén a aparencia visual da páxina web (<http://eieldelugo.usc.es>), dotándoa de fontes de texto e de compoñentes visuais máis atractivas que proporcionan unha navegación máis fluída. Con estas melloras conseguiuase actualizar e renovar completamente a páxina web (<http://eieldelugo.usc.es>) adaptándoa ás tecnoloxías actuais.

Neste novo convenio proponse a realización de traballos de actualización e mantemento da EIEL, correspondentes á EIEL-2021, segundo o modelo de datos do Ministerio e que incluíría a información de proxectos executados total ou parcialmente en dous anos naturais (2020 e 2021), a subministración de información e asistencia a Concellos da Provincia, a realización dun novo curso SIX básico a técnicos municipais, dado o gran interese e aproveitamento das edicións anteriores.

A súa vez, nesta EIEL-2021 proponse realizar unha nova tarefa, non realizada en edicións anteriores e consistente na recollida de datos e información sobre as características actualizadas das estradas provinciais procedente das obras do Plan extraordinario de rehabilitación do firme das estradas provinciais 2017-2019, e demais plans relacionados coa mellora de firmes en estradas provinciais, co obxecto de implementar e actualizar no SIX, en base ao modelo de datos da EIEL, as características recollidas das estradas provinciais, información que se poderá integrar posteriormente no catálogo de estradas da Deputación de Lugo.

Nesta nova edición será necesario identificar, definir e implementar actuacións de mais de 100 proxectos técnicos de mellora de estradas provinciais realizados polo Servizo de vías e obras da Deputación Provincial que se terán que recompilar e analizar pormenorizadamente, detectando os tramos obxecto de actuación, identificando a natureza dos cambios, co que aumentan de forma ostensible os traballos con respecto a edicións anteriores.

Tamén resulta necesario seguir realizando o mantemento do nodo Ideal (infraestrutura de datos espaciais e a páxina WEB da EIEL). O avance das tecnoloxías TIC nos últimos anos, fan



imprescindible a actualización dos servizos OGC e ferramentas que a compoñen, sempre preservando o carácter de software libre na súa configuración final.

Como continuidade das melloras do convenio anterior, dado o incremento de asentamentos poboacionais estudados (entidades singulares con 5 ou máis vivendas), os traballos a realizar por parte da USC incrementaranse de forma considerable, sendo a valoración económica das prestacións comprometidas polas partes dun total de 99.000 euros, co cal manterase, como no convenio anterior, o apartado cuarto letra A do convenio, do “Réxime Económico” - Achegas ao fin común en 99.000 €.

A aportación económica da USC será de 8.000 euros (8% do total) e a da Deputación de Lugo será de 91.000 euros (92% do total).

En relación co asunto de referencia emítese o seguinte informe:

Primeiro.- A Deputación de Lugo ten entre os cometidos asignados pola normativa legal a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Concellos, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión. Así como a cooperación no desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Segundo. A Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC) é unha entidade de dereito público que ten entre os seus obxectivos o fomento dos programas de investigación, formación e difusión, como apoio científico e técnico ao desenvolvemento cultural e social, obxectivos que se encadran dentro das funcións docentes, científicas, técnicas e de servizo público previstas na normativa vixente.

Terceiro.- Segundo consta no informe proporcionado pola Universidade de Santiago de Compostela, en data 5 de novembro de 2021. O Laboratorio do Territorio (LaboraTe) é parte do grupo de investigación e docencia (G.I.-1934-TB da USC) que nace no ano 1995 e ten as súas orixes nos Laboratorios do Territorio e Laboratorio de Biodiversidade creados no Campus de Lugo en 1995. Está integrado dentro da Escola Politécnica Superior de Enxeñería, e formado por profesores e investigadores de cinco áreas de coñecemento diferentes (enxeñería cartográfica,

xeodesia e fotogrametría;; expresión gráfica da enxeñería; linguaxes e sistemas informáticos; produción vexetal; botánica), cuxo principal ámbito de traballo é o territorio; máis concretamente o territorio rural.

A coordinación do Laboratorio do Territorio recae no profesor David Miranda Barrós.

As súas liñas de investigación, docencia, desenvolvemento e investigación estarían constituídas por:

A ordenación do territorio.

O desenvolvemento rural.

A tenencia da terra e Xestión do Territorio.

A Planificación da paisaxe.

Os sistemas de Información Xeográfica (SIX), fotogrametría e teledetección.

Xeocomputación.

A cooperación para o desenvolvemento.

Fotogrametría dixital.

Ecoloxía da paisaxe.

Humedais.

Arqueometría.

Etnobotánica.

No punto “Misión e obxectivos” (pax. 5) do informe recóllese que:

“A misión xeral do grupo é contribuír a un desenvolvemento integral do medio rural que orixine unha mellora na calidade de vida dos seus habitantes. Para elo trata de integrar dende unha visión horizontal a investigación, a docencia, o desenvolvemento e a innovación. Este enfoque horizontal e sistémico promove e obriga ao establecemento e mantemento de liñas de traballo e proxectos con outros grupos de investigación universitario, administración, empresas, e outros axentes sociais que comparten esta visión. En contra do que soe ocorrer na investigación, esta visión pretende encher os ocos existentes nos “ecotonos” ou espazos fronteira entre as distintas disciplinas científicas e áreas de coñecemento”.



Cuarto.- Con data 22 de xullo de 2021, tivo entrada no Rexistro Xeral da Deputación (nº 2021RPE021026), solicitude de Convenio de colaboración para a realización conxunta pola Universidade de Santiago de Compostela e a Deputación Provincial de Lugo dunha actividade na que conflúen os respectivos títulos competenciais para o fin común de actualización, análise, mantemento e mellora da EIEL 2021. A documentación de dita solicitude foi emendada e completada con posterioridade. Acompañan á solicitude informes asinados polo Coordinador do Grupo de Investigación Territorio e Biodiversidade (G.I. 1934-TB) e coordinador do SIT(Sistema de Información Territorial) da Universidade de Santiago de Compostela, Sr. D. David Miranda Barrós, nos que se fai referencia á posibilidade de asinar un convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela, para desenvolver unha serie de actividades en relación coa EIEL2021.

Mais concretamente:

“1.- Actualización da información almacenada na base de datos espacial e Sistema de Información Xeográfica (SIX) da EIEL entre os anos 2019 e 2021 (Fase EIEL2021), consistente na recompilación dos datos procedentes de proxectos de obras de infraestruturas, execución de equipamentos municipais, e de calquera outra obra de interese, tanto rematadas coma en execución.

2.- Recollida de información procedente das obras do Plan extraordinario de rehabilitación do firme das estradas provinciais 2017-2019, e demais plans relacionados coa mellora de firmes en estradas provinciais, co obxecto de actualizar as características recollidas no modelo de datos da EIEL.

3.- Asistencia a Concellos da provincia de Lugo en dúbidas relacionadas coa EIEL, así como en xeral sobre programas SIX. Subministración de información sobre a EIEL a aquelas entidades, empresas e particulares que a soliciten.

4.- Actualización e mantemento da infraestrutura de datos espaciais da EIEL de Lugo.

5.- Curso básico en sistemas de Información Xeográfica a técnicos municipais en relación coa EIEL e outra información de ámbito municipal, de 30 horas de duración, para un máximo de 20 alumnos.

6.- Tarefas de Xestión, coordinación, investigación e transferencia.”

Asemade, indicase no mesmo informe, que a Universidade de Santiago de Compostela actuaría representada polo Laboratorio do Territorio (LaboraTe) a realización das tarefas recollidas no convenio para a realización da EIEL.

Quinto.- Consta no expediente Memoria Técnica relativa ao Convenio de servizo de actualización, análise, mantemento e mellora da Enquisa de Infraestrutura e Equipamentos Locais para os Concellos da provincia de Lugo. Fase 2021, de data 3 de novembro de 2021, debidamente asinada polo responsable da Enquisa de Infraestrutura e Equipamentos Locais, Sr. D. Manuel Pérez Gómez.

Sexto.- Consta no expediente informe de data 3 de novembro de 2021, debidamente asinado polo responsable da Enquisa de Infraestrutura e Equipamentos Locais, Sr. D. Manuel Pérez Gómez, do seguinte teor literal:

“Que examinada a citada proposta económica presentada pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) para a elaboración da EIEL-2021 e traballos complementarios, na cal se comprometen a realizar dito traballo pola cantidade de 91.000 €, o responsable da EIEL considera , que a cantidade é correcta e se axusta aos prezos de mercado, e que é necesario que o equipo de traballo estea composto por un mínimo de dous persoas a tempo completo (ou a súa equivalencia a tempo parcial) durante o período que dure o convenio”.

Sétimo.- Consta minuta de convenio de colaboración con data de 4 de novembro de 2021 e informe con data de 18 de outubro de 2021 do servizo de Intervención de consignación presupostaria.

Oitavo.- O Grupo de investigación G.I.-1934-TB da USC, do que forma parte o LaboraTe, ven participando na elaboración da Enquisa de Infraestrutura e Equipamentos Locais (EIEL) dende o ano 2001.

Existen diferentes precedentes de convenios nos que participou o Grupo de Investigación G.I.-1934-TB, entre os que se atopa o Convenio de cooperación entre o Instituto de Estudos do



Territorio e a Universidade de Santiago de Compostela para a colaboración nas Directrices da Paisaxe de Galicia, asinado no ano 2016.

Noveno.- O nomeado Grupo de investigación está composto por 7 investigadores, 5 investigadores en formación e 8 persoas que realizan funcións como persoal de apoio, existindo suficiente persoal adscrito á prestación determinada polo convenio.

Polo anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte os seguintes acordos:

1º.- Prestar aprobación ao texto do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización da actividade consistente na actualización, análise, mantemento e mellora da Enquisa de Infraestrutura e equipamentos locais para os concellos da provincia de Lugo (EIEL-2021), cun orzamento total de 99.000 € na modalidade de gasto plurianual:

A achega de Deputación Provincial é de: 91.000 €.

A achega da USC é de 8.000 €.

A distribución anual consta no apartado seguinte.

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio (anualidade 2021), por importe de 38.775,00 € con cargo a aplicación orzamentaria 9230.640 do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2021.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade 2022 a cantidade de 52.225,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio (anualidade 2022).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Quinto.- *Adenda de modificación ao convenio interadministrativo entre a Deputación de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para a execución de fins comúns consistentes en: Urbanización da Zona C, Ponte de Ferro, plan de accesibilidade e Parque do Hospital.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe – proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo á modificación ao convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Urbanización da Zona C, Ponte de Ferro, plan de accesibilidade e Parque do Hospital que dispón o seguinte:

“En relación co asunto de referencia procede emitir o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

Primeiro.- A Deputación mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 11/12/2020, prestou aprobación ao convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos coa finalidade común de colaborar para a execución de fins comúns consistentes en: Urbanización da zona C, Ponte de Ferro, plan de accesibilidade e Parque do Hospital.

Segundo.- En data 21/12/2020 asinouse o convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos no que entre outros se recollía na cláusula primeira, relativa ao obxecto:

“(…)

Para acadar estes obxectivos compartidos, ambas administracións comprométense a realizalos seguintes investimentos:



INVERSIÓN:	ACHEGA DEPUTACIÓN				ACHEGA CONCELLO
	ANU 2020	ANU 2021	ANU 2022	TOTAL	ANU 2020
URBANIZACIÓN/REPARCELACIÓN ZONA C	7.000,00€	146.500,00€	146.500,00€	300.000,00€	723.698,80€
CONSTRUCCIÓN NOVA PONTE METÁLICA E CONEXIÓNS COA RUA SANTA CLARA-CORREDOIRA E O PASEO DO MALECÓN	12.943,00€	243.528,50€	243.528,50€	500.000,00€	1.000.000,00€
PLAN ACCESIBILIDADE NOS EDIFICIOS E PARQUES MUNICIPAIS DA CIDADE DE MONFORTE DE LEMOS	7.000,00€	21.500,00€	21.500,00€	50.000,00€	245.108,11€
PARQUE DO BARRIO DO HOSPITAL	7.000,00€	71.500,00€	71.500,00€	150.000,00€	405.934,16€
SUB-TOTAL	33.943,00 €	483.028,50 €	483.028,50 €	1.000.000,00 €	2.374.741,07 €
TOTAL	3.374.741,07				

O Concello de Monforte de Lemos achegará os proxectos técnicos; e, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das obras, segundo proceda legalmente; así mesmo encargárase da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran normativamente. (...)”

Terceiro.- D. José Tomé Roca, Alcalde do Concello de Monforte de Lemos achega a Deputación de Lugo escrito debidamente asinado, de data 05/11/2021, a través do que solicita a modificación do convenio interadministrativo ao detectar que non se incluíu os honorarios das actuacións Urbanización/reparcelación Zona C e construción nova Ponte Metálica e conexións coa rua Santa Clara-corredoira e o Paseo do Malecón.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público” (...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostíbles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

Cuarto.- En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, concreta o contido dos mesmos, que se cumpre neste suposto.

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nen tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

Quinto.- A relación de cooperación interadministrativa coa administración municipal como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos



principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activa que as outras administracións puidieran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015, “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas lei das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na



planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

Sétimo.- O municipio de Monforte de Lemos é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, e nos termos da lexislación do Estado e Autonómica, entre as que enumera “a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...; d) A infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; (...); h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local; (...); l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre; m) promoción da cultura e equipamentos culturais (...).

En canto ao acondicionamento e dotación de servizos, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, o artigo 5 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia sinala como competencias dos entes locais: “a) O abastecemento domiciliario de auga potable e o seu control sanitario; b) Rede de sumidoiros; c) O tratamento de augas residuais; (...)”.

En canto á mellora de camiños e accesos a núcleos de poboación, ademais: a Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, establece no seu artigo 1 o obxecto, sinalando “ten por obxecto regular o dominio público viario nas redes de estradas de titularidade Autonómica de Galicia ou das entidades locais do seu ámbito territorial, e establecer os procesos de planificación, proxección, construción, financiamento, explotación, uso e protección de aquel e os mecanismos que permitan coordinar a actuación das distintas administracións titulares”. Do mesmo xeito, o artigo 9.3 desta

mesma Lei sinala en canto a titularidade das estradas “... as de titularidade das respectivas entidades locais compoñen a súa correspondente rede de estradas”. É de ter en conta o establecido nos artigos 30.1.c en canto ao financiamento das actuacións, “mediante procedementos de colaboración con outras administracións públicas, sociedades ou entes públicos, con outros organismos locais, nacionais ou internacionais, ou con particulares” e 33.6 da amentada Lei, “correspóndelle aos Concellos a conservación e mantemento de todos os elementos que, estando situados no dominio público viario, non formen parte da estrada nin dos seus elementos funcionais, e lles sirvan a aqueles para exercer as súas competencias propias”.

Neste mesmo senso debe terse en conta o Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, e en concreto o establecido no artigo 18 – cambios de titularidade-; artigo 76.2 –procedementos de colaboración- “(...), c) Instalación, ás súas expensas e polos seus propios medios, de elementos funcionais ou equipamentos complementarios da estrada, tales como mobiliario urbano e calquera outro similar, (...); artigo 77 –convenios de colaboración- e artigo 85 –dirección e inspección da explotación-.

O artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, establece as competencias deportivas das Deputacións Provinciais, entre elas: “(...) Fomentar, promover e difundir o deporte; asistir aos municipios e colaborar con eles, sobre todo cos de menor capacidade; calquera outra actuación que redunde en beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial” e o artigo 8 as competencias dos concellos en materia deportiva, “(...) construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal, e no seu caso a xestión e mantemento das de titularidade autonómica ...”.

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Oitavo.- O Concello de Monforte de Lemos, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo mesmo a lexislación contractual e sectorial de aplicación , segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada investimento, sendo



responsabilidade dese Concello tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas; así como a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, recepción, conservación e mantemento e posta en funcionamento, tal e como se especifica no convenio interadministrativo. Naturalmente cabe a execución directa das prestacións polo propio Concello, a través de medios propios non personificados, de acordo co previsto no artigo 30 da LCSP.

Noveno.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal inter-administrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de Galicia.

A potestade de auto organización e este sistema de cooperación horizontal desenvólvese mais polo miúdo na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e incorporación das directivas, en tanto que ambas administracións participantes actúan coa finalidade de garantir os servizos públicos que lles incumben.

A subscrición desta modificación do convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.

O Concello de Monforte de Lemos, unha vez entregadas as obras, será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación como previsión a incorporar ao convenio interadministrativo de acordo co previsto no artigo 49 da LRXSP.

Décimo.- A presente modificación ao convenio, non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do

Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”.

Nestes supostos de colaboración entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta para a CCAA de Galicia o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

Décimo primeiro.- Sobre a modificación interesada, o artigo 49 da lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, xa que se refire ao contido dos convenios e no seu apartado 2 establece que “en cualquier momento antes de la finalización del plazo previsto para la vigencia del convenio, los firmantes podrán acordar unánimamente su prórroga por un período de hasta cuatro años adicionales o su extinción”.

Xa que logo, a cláusula quinta do dito convenio precisa que a súa vixencia comezará no momento da súa sinatura, e en todo caso a súa vixencia concluírá no momento en que por parte da Deputación se proceda á aprobación e pagamento da conta xustificativa, que deberá efectuarse antes do 31-12-2021 e 31/01/2022 respectivamente, data na que, salvo prórroga previamente acordada, se extinguirá o convenio por vencemento do prazo.

En consecuencia o convenio neste momento está vixente, e as partes poden modificar, mediando acordo de vontade, algunha das súas determinacións; neste senso o artigo 49 letra g) da Lei 40/2015, prevé que os convenios entre administracións estipulen o réxime de modificación, se non existe regulación, requírese o acordo unánime dos asinantes. Neste caso prevese na cláusula sexta do convenio a modificación.



Vixente o convenio, este pode ser modificado polas partes, cos límites relatados de concorrencia de razóns de interese público e/ou semellantes motivadores da concesión e sen danar ou prexudicar a terceiros.

Media vontade das dúas partes para a modificación do convenio, de xeito que se inclúa, honorarios facultativos nos investimentos relativos a Urbanización/reparcelación Zona C e construción nova Ponte Metálica e conexións coa rua Santa Clara-corredoira e o Paseo do Malecón.

Décimo segundo.- En canto ao órgano competente, sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 202 de data 03 de setembro de 2020, en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, resulta a Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Así pois a proposta de modificación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente.”

Por todo o exposto proponse:

Que se aprobe a addenda de modificación ao convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o concello de Monforte de Lemos coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Urbanización da Zona C, Ponte de Ferro, plan de accesibilidade e Parque do Hospital de tal xeito que as actuacións Urbanización/reparcelación Zona C e construción nova Ponte Metálica E conexións coa rua Santa Clara-corredoira e o paseo do Malecón (Ponte Ferro) leven incluído honorarios facultativos.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Sexto.- *Addenda de modificación segunda do convenio interadministrativo entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, a Excm. Deputación de Lugo e o Concello de Meira*

para financiación e execución das obras do proxecto de mellora do saneamento e depuración en Meira (Lugo). PDM Miño-Sil XGKG0SBED29UR0107”.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe – proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo a modificación do convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo, o Concello de Meira e a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, coa finalidade común de colaborar na financiación e execución das obras para financiación e execución das obras do proxecto de mellora do saneamento e depuración en Meira (Lugo). PDM Miño-Sil XGKG0SBED29UR0107”, que dispón o seguinte:

“Antecedentes.

Pola Xunta de Goberno, en data 24/01/2020, aprobouse o convenio interadministrativo entre a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Meira, para financiación e execución das obras do proxecto de mellora do saneamento e depuración en Meira (Lugo). PDM Miño-Sil XGKG0SBED29UR0107”, sendo subscrito o 13/03/2020.

En data 02/10/2020 aprobouse addenda de modificación do indicado convenio, sendo asinada en data 13/11/2020 e que recollía o seguinte financiamento:

INVESTIMENTO:	FINANCIACIÓN Y EJECUCIÓN DE LAS OBRAS DEL PROYECTO DE MEJORA DEL SANEAMIENTO Y DEPURACIÓN EN MEIRA (LUGO). PDM MIÑO-SIL XGKG0SBED29UR0107”.		
	APORTACIÓN ANUALIDADES		TOTAL
ADMINISTRACIÓN PARTICIPE	2020	2021	
CHMS, O.A.	10.890,00€	416.610,00	427.500,00€
DIPUTACIÓN DE LUGO	2.904,00€	111.096,00€	114.000,00€
AYUNTAMIENTO DE MEIRA	726,00€	27.774,00€	28.500,00€
TOTAL	14.250,00€	555.480,00€	570.000,00 €

Con data 29/10/2021 recíbese escrito con RE nº 2021RPE030416 da Secretaría General da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, no que se remite addenda de modificación para o reaxuste dos importes das distintas anualidade a fin de modificar os importes das distintas anualidades a aportar por cada Administración participante no devandito convenio.



O Concello de Meira aprobará a modificación no seu orzamento, de proceder, antes da sinatura da modificación ao convenio interadministrativo de acordo coa proposta presentada pola Confederación Hidrográfica Miño-Sil.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- O artigo 86 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas sinala tamén sistematicamente ubicado na fase de finalización do procedemento que “as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico (...)”.

Segundo.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Terceiro.- O artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público” (...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público

vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Cuarto.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

Quinto.- En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “deberán incluír, polo menos:

a) Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

b) A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

c) O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.



e) Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento

f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

g) Réxime de modificación do convenio.

h) Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

a) Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

b) En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción. (...)”

Sexto.- A colaboración entre administracións como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lai 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Nesta mesma liña de potenciar a colaboración entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os

distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala: “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigo 2 e 3 que entre os obxectivos sinala “(...) b) manter e mellorar o nivel da poboación do medio rural e elevar o grao de benestar dos seus cidadáns, asegurando uns servizos públicos básicos adecuados e suficientes que garantan a igualdade de oportunidades e a non discriminación, especialmente das persoas máis vulnerables ou en risco de exclusión, (...)”. O artigo 7 deste precepto sinala “O programa de Desenrolo rural sostible incluírá medidas destinadas a satisfacer necesidades e demandas sociais de grupos de poboación que requiran unha atención prioritaria, en particular, as mulleres, os xoves, os maiores e as persoas con discapacidade”.

Así mesmo, o artigo 23 desta mesma Lei 45/2007 sinala “No ámbito das infraestruturas locais e os equipamentos e servizos básicos, o PDRS poderá establecer medidas orientadas a: (...) d) Apoiar a dotación dos servizos públicos municipais de prestación obrigatoria nos núcleos urbanos do medio rural, o seu mantemento e mellora, singularmente nas zonas rurais prioritarias,



no marco da normativa reguladora da Administración Local. Favorecerase especificamente a prestación coordinada de servizos públicos entre municipios próximos.

A estes efectos debe terse en conta que aínda que a acción obxecto do convenio se desenvolva en zona urbana, o art. 3.a da amentada Lei 45/2007 establece a seguinte definición auténtica de medio rural: “Medio rural: o espazo xeográfico formado pola agregación de municipios ou entidades locais menores definido polas administracións competentes que posúan unha poboación inferior a 30.000 habitantes e unha densidade inferior aos 100 habitantes por km².”

Sétimo.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas lei das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

Oitavo.- O Concello de Meira é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, entre as que enumera “a)

Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...; (...)”

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, establece na súa disposición adicional primeira “as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, ...”, debendo interpretarse co artigo 3.3 desta Lei, ao sinalar que non se entenderá como exercicio de novas competencias a colaboración entre administracións (...), que se artella neste convenio.

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que “os Municipios deberá prestar en todo caso: alumeadado público, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas; b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes: parque público, biblioteca pública e tratamento de refugallo”. O apartado 2 deste mesmo artigo 26, sinala: “nos municipios con poboación inferior á 20.000 habitantes será a Deputación Provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación dos seguintes servizos: a) Recollida e tratamento de residuos; b) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais; c) limpeza viaria; d) acceso aos núcleos de poboación; e) pavimentación de vías urbanas; (...)”

Ademais, e en todo caso, o artigo 25 da LBRL establece que o municipio, para a xestión dos seus intereses, e no ámbito das súas competencias, como xa sinalamos anteriormente, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo. Lembrar que nesta liña, o artigo 85 da LBRL define como servizos públicos locais “os que presten as entidades locais no ámbito das súas competencias”, sen prexuízo de non considerarse servizo público (hipótese non compartida), as iniciativas económicas do artigo 86.



No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, o artigo 5 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia sinala como competencias dos entes locais: “a) O abastecemento domiciliario de auga potable e o seu control sanitario; b) Rede de sumidoiros; c) O tratamento de augas residuais; (...)”

Noveno.- Á Confederación Hidrográfica de Miño-Sil correspóndelle, no ámbito da súa Demarcación Hidrográfica, a administración e control do dominio público hidráulico, así como o proxecto, a construción e explotación das obras realizadas con cargo aos fondos propios do Organismo (artigo 23 do Texto Refundido de la Lei de Augas) para cuxa finalidade poderá establecer convenios de colaboración coas Entidades Locais, ao amparo do disposto no artigo 25.2 da amentada disposición legal, que indica: “Os organismos de conca poderán celebrar convenios de colaboración coas CCAA, as Administracións Locais e as comunidades de usuarios para o exercicio das súas respectivas competencias, conforme ao disposto na lexislación vixente.”

Décimo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da comunidade autónoma de Galicia.

Así, para a consecución do fin común perseguido polas tres administracións, que é a dotación aos veciños do Concello de Meira dun saneamento e depuración en Meira (Lugo). PDM Miño-Sil XGXXG0SBED29UR0107, pola Confederación Hidrográfica Miño Sil achégase proposta de modificación, que afecta ao anexo I relativo ás anualidades, segundo o establecido na cláusula segunda, apartado terceiro “en caso de resultar necesaria la modificación de las anualidades, ésta se realizará a propuesta de la Confederación Hidrográfica del Miño Sil, cuando sea preciso, para acomodar la financiación al ritmo de ejecución de las actuaciones”. Con esta modificación, o anexo I, relativo á aportación nas distintas anualidades, quedaría do seguinte xeito:

INVERTEMENTO:	FINANCIACIÓN Y EJECUCIÓN DE LAS OBRAS DEL PROYECTO DE MEJORA DEL SANEAMIENTO Y DEPURACIÓN EN MEIRA (LUGO). PDM MIÑO-SIL XGSGOSBED29UR0107".			
ADMINISTRACIÓN PARTÍCIPE	APORTACIÓN ANUALIDADES			TOTAL
	2020	2021	2022	
CHMS, O.A.	10.890,00€	386.387,25€	30.222,75€	427.500,00€
DIPUTACIÓN DE LUGO	2.904,00€	103.036,60€	8.059,40€	114.000,00€
AYUNTAMIENTO DE MEIRA	726,00€	25.759,15€	2.014,85	28.500,00€
TOTAL	14.250,00€	515.183,00€	40.297,00€	570.000,00 €

Estamos ante un gasto plurianual, e polo tanto o financiamento da anualidade de 2022 queda supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), no é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e tamén no artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), aplicable, dentro do marco normativo básico de Lei Xeral de Subvencións, consonte ao establecido no seu propio artigo 1.

Décimo primeiro.- A presente modificación do convenio non lle é de aplicación a lexislación en materia de contratos, a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”.

Décimo segundo.- En canto ao órgano competente sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº



202 de data 03 de setembro de 2020 en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno.

Así pois a proposta de modificación segunda do convenio interadministrativo é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente, debendo condicionar o acordo á dispoñibilidade orzamentaria e ao principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira nos exercicio económico 2022.”

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Que se aprobe a addenda de modificación segunda do convenio interadministrativo, a solicitude da Confederación Hidrográfica Miño Sil, a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo, o concello de Meira e a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, co obxecto de colaborar na financiación, execución e entrega ao Concello das obras de Financiación e execución das obras do proxecto de mellora do saneamento e depuración en Meira (Lugo). PDM Miño-Sil XGSG0SBED29UR0107”, quedando o Anexo I, relativo ás aportacións dos asinantes do seguinte xeito:

INVESTIMENTO:	FINANCIACIÓN Y EJECUCIÓN DE LAS OBRAS DEL PROYECTO DE MEJORA DEL SANEAMIENTO Y DEPURACIÓN EN MEIRA (LUGO). PDM MIÑO-SIL XGSG0SBED29UR0107”.			
ADMINISTRACIÓN PARTÍCIPE	APORTACIÓN ANUALIDADES			TOTAL
	2020	2021	2022	
CHMS, O.A.	10.890,00€	386.387,25€	30.222,75€	427.500,00€
DIPUTACIÓN DE LUGO	2.904,00€	103.036,60€	8.059,40€	114.000,00€
AYUNTAMIENTO DE MEIRA	726,00€	25.759,15€	2.014,85	28.500,00€
TOTAL	14.250,00€	515.183,00€	40.297,00€	570.000,00 €

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE INFORME SECTORIAL EN MATERIA DE ESTRADAS RELATIVO Á APROBACIÓN DEFINITIVA DE

MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO DO CONCELLO DE COSPEITO. NÚCLEOS A ESCANABADA E A MILLARADA (LUGO).

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“En relación co escrito de Rexistro 2021RPE022176 de 02.08.2021, do Concello de Cospeito, remitindo o documento Modificación puntual de las normas subsidiarias de planeamiento del Ayuntamiento de Cospeito, Lugo, visto o informe do Servizo de Vías e Obras de data 11.11.2021 que di:

“Antecedentes e obxecto.

O presente informe ten carácter sectorial de estradas e emítese de acordo ás disposicións contidas na vixente redacción da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (LEG 8/2013).

O obxecto último do informe sectorial de estradas vén a ser o recoñecemento aos treitos de vías provinciais que discorran por solo clasificado como urbano ou de núcleo rural o carácter de “treitos urbanos”, para o que se require que no instrumento de planeamento figuren marcadas as aliñacións e que sexan informadas favorablemente polo organismo titular da estrada conforme ao artigo 7 da LEG 8/2013, o que permitiría a edificación a unha distancia inferior á xeral, e atribuiría ao Concello a competencia para autorizar as construcións nas marxes do treito urbano segundo ditas aliñacións.

No presente informe comezase por expoñer e xustificar os criterios que se considera que deben aplicarse aos treitos urbanos das estradas provinciais, con obxecto de establecer unha sistemática de carácter xeral para a súa aplicación aos numerosos núcleos rurais situados nas marxes das vías provinciais no termo municipal.

Fundamentos Legais.

A regulación das vías provinciais debe facerse por referencia á Lei 8/2013 de estradas de Galicia, estando o réxime xeral vixente contido esencialmente nos seguintes artigos:



7. Treitos urbanos.

Para os efectos desta lei, considérase treito urbano dunha estrada aquel que discorre por solo clasificado polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico como urbano ou de núcleo rural cando, neste último caso, conte con aliñacións marcadas no antedito instrumento e aquel fose sometido a informe favorable, conforme esta lei, pola administración titular da estrada.

8. Travesías

8.1. Para os efectos desta lei, considérase travesía o treito dunha estrada no que, discorrendo por solo clasificado como urbano, existen edificacións consolidadas que formen parte do núcleo de poboación.

23. Coordinación co planeamento urbanístico

23.2. Nos supostos de redacción, revisión ou modificación de instrumentos de planeamento que afecten ás estradas existentes ou ás actuacións previstas nos plans de estradas vixentes, o concello remitirá, con posterioridade á súa aprobación inicial, o correspondente documento ás administracións titulares das estradas afectadas para que o informen. O informe terá carácter vinculante e deberá ser emitido no prazo de tres meses; transcorrido este, entenderase favorable.

No caso de ser desfavorable, o informe indicará expresamente, se é o caso, as normas vulneradas.

23.3. Nos treitos urbanos das estradas, o instrumento de planeamento urbanístico determinará a aliñación de edificación, que poderá fixarse, de xeito motivado, a unha distancia inferior á que prevé a lei con carácter xeral para a liña límite de edificación das estradas, valorando a existencia de edificacións continuadas preexistentes, así como a concorrencia de razóns técnicas, socioeconómicas ou de orografía do terreo que poidan aconsellar a redución.

38. Zonas de protección da estrada e liña límite de edificación

38.4. Nos treitos urbanos das estradas non se establecen nin zonas de protección da estrada nin liña límite de edificación.

41. Delimitación da liña límite de edificación

41.1. A liña límite de edificación está situada a ambas as dúas beiras da estrada cun trazado que discorre paralelo ás liñas exteriores de delimitación das calzadas a unha distancia, medida horizontal e ortogonalmente a aquelas, de:

a) Cincuenta metros no caso de autoestradas, autovías e vías para automóviles.

b) Quince metros no caso de estradas convencionais. En caso de que unha administración teña aprobado o catálogo da súa rede e no mesmo categorícense funcionalmente as estradas en rede estruturante, rede complementaria e rede local, según o establecido no Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento de estradas de Galicia, a liña límite de edificación estará situada a 15 metros no caso das estradas da rede estruturante e da rede complementaria e a 7 metros para as estradas da rede local.

47. Réxime xeral e competencia

2. A competencia para autorizar a execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade na zona de dominio público da estrada ou nas súas zonas de protección, así como para realizar as actividades de comprobación daquelas suxeitas a declaración responsable no que a lexislación sectorial en materia de estradas refírese, corresponde á administración titular da estrada, excepto na talla de arboleda, que terá que ser autorizada unicamente polo órgano competente en materia forestal, de acordo co disposto na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, ou norma que a substitúa, previo informe preceptivo e vinculante do órgano competente da administración titular da estrada..

Disposición adicional primeira. Edificacións, instalacións e peches preexistentes

1. Nas edificacións, instalacións e peches preexistentes na zona comprendida entre a liña exterior de delimitación da calzada da estrada e a liña límite de edificación poderanse autorizar, ou quedarán suxeitas ao réxime de declaración responsable, de tratarse dos usos previstos no artigo 45 bis, no que á lexislación sectorial en materia de estradas refírese, e sempre que quede garantida a seguridade viaria na estrada e nos seus accesos e non se produza cambio de uso nin incremento de volume edificado, por encima ou por baixo da rasante do terreo:

a) Con carácter xeral, as obras de mantemento, conservación e rehabilitación.

b) Excepcionalmente, obras de rehabilitación estrutural, naqueles supostos de interese público ou social, así cualificados.

Por parte da Deputación Provincial de Lugo, o Pleno de 30 de abril de 2019 adoptou o acordo de categorizar a rede de estradas provinciais como Rede Local, para a aplicación da redución da liña límite de edificación establecida pola nova redacción da Lei de Estradas de Galicia, tras a aprobación da Lei 3/2018, de 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, e na que se reduce a distancia da liña límite de edificación de 15,00 m a 7,00 m do borde exterior da calzada, debendo resultar fóra da zona de servidume e a distancia non inferior a 10 m do eixe de



trazado da vía con carácter xeral en solo rústico, sen prexuízo da posible redución aplicable nos treitos urbanos da estrada conforme ao previsto no artigo 23 da LEG 8/2013. A adopción de dito criterio foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de data 07.11.2019.

Anchuras de viario en solo de núcleo rural.

A efectos da fixación da anchura mínima necesaria entre liñas límite de edificación para o viario de titularidade provincial que discorra por tramos de solo clasificado como de núcleo rural por este Servizo véñse considerando, por razóns técnicas de carácter xeral, que a banda de protección destinada ao viario debería alcanzar polo menos unha anchura desexable de 16 metros que permitiría a implantación da seguinte semi-sección tipo:

Carril de calzada: 3,50 m.

Beiravía: 0,50 m.

Banda de aparcamento: 2,00 m.

Beirarrúa: 2,00 m.

Semiancho do vial: 8,00 m.

Esta anchura de vía de 16 metros é concordante coa establecida no seu día no artigo 48.2 Normas de calidade urbana, da Lei 9/2002 do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia como mínima para os viarios principais de nova apertura nas clases de solo urbano non consolidado e urbanizable, e permite o cumprimento do disposto na Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade da Comunidade Autónoma de Galicia, e o seu reglamento en vigor de aplicación, en canto a ancho de beirarrúas peonís, capaces tamén de acoller a axeitada implantación dos servizos urbanísticos.

Aínda que non se previra a implantación de beirarrúas ou aparcamentos, as dimensións desexables con carácter xeral para as vías provinciais requirirían un ancho coincidente co anterior segundo a seguinte distribución:

Carril de calzada: 3,50 m.

Beiravía: 0,50 m.

Cuneta e noiro: 2,00 m.

Beirarrúa: 2,00 m.

Semiancho do vial: 8,00 m.

A banda de 2,00 m de dominio público contiguo estaría destinada á protección da estrada mediante recuamento dos cerramentos de fincas e á instalación prioritaria das canalizacións públicas de servizos de obrigada prestación municipal conforme ao RDL 781/1986 como abastecemento de auga, saneamento e alumado público, así como doutros servizos de interese xeral de enerxía eléctrica, telefonía e gas.

A anchura xeral de 16,00 m desexable para a vía provincial en solo de núcleo rural podería verse reducida pola existencia de edificacións continuadas no treito da travesía rural ou por outras causas das establecidas no artigo 23.3 da LEG 8/2013.

Ditas aliñacións oficiais de viario poderán chegar a coincidir coas aliñacións de edificación nos tramos nos que o plan non estableza recuamento frontal respecto á vía por tratarse de edificacións en ordenación aliñada co viario e en contacto co borde da beirarrúa existente ou da prevista, en xeral a 8,00 m do eixe da vía ou á distancia inferior se correspondese a unha aliñación consolidada por edificacións continuadas ou por beirarrúa existente que se mantivera.

Nos casos xustificados podería reducirse o ancho xeral de 16,00 m previsto da vía a 14,00 ou 12,00 m mediante a supresión dunha ou as dúas bandas de aparcamento, e mantendo unha anchura desexable de 8,00 m entre bordos para os carrís e beiravías de calzada que permitiría o cruzamento de dous vehículos aínda coa presenza doutro estacionado ocasionalmente na vía, se ben sería admisible no caso de edificacións continuadas un semiancho mínimo estrito de 5,00 m entre o eixe e a aliñación de edificación.

Tales reducións do semiancho xeral da aliñación oficial de viario do eixe deberá xustificarse polo grado de continuidade da edificación, ou dos outros supostos establecidos no artigo 23.3 da LEG 8/2013, debendo evitarse que a eventual existencia de edificacións illadas próximas á vía leve a reducir o ancho da aliñación en toda a lonxitude do tramo de núcleo rural.



O caso de ancho mínimo estrito de viario provincial esixible para a súa funcionalidade e seguridade viaria, en treitos puntuais e coa correspondente xustificación pola existencia no ámbito dun núcleo de edificacións continuadas ás que se refire o artigo 23.3 da LEG 8/2013 correspondería a vía de 10,00 m de ancho total entre aliñacións, ou 5,00 m entre o eixe e a liña de edificación máis próxima, podendo estudarse a eventual modificación do trazado do eixe nun tramo da vía dentro do núcleo rural de xeito que manteña a continuidade de trazado nas súas conexións cos tramos non modificados.

A partir do eixe actual da estrada ou do proposto para a súa mellora resultarán definidas as aliñacións xerais de viario a 8,00 m, grafítaranse os treitos en que non afecten a edificacións existentes. Se estas foran continuadas, consolidarán a aliñación correspondente.

Nas edificacións illadas existentes a distancia inferior á aliñación de edificación homoxénea fixada para o treito esta grafítarase con liña de trazos sobre ditas edificacións, coa indicación na lenda do Plano da necesidade de obter autorización previa da Deputación para a realización de obras por diante de dita liña nas condicións da Disposición adicional primeira da LEG 8/2013, resultando autorizables en todo caso as obras de mantemento, conservación e rehabilitación.

A posible existencia de situacións actuais con semiancho viario inferior ao mínimo estrito indicado e cuxas aliñacións pretendan manterse, poderá requirir a previsión no planeamento dunha variante do trazado da vía provincial coa correspondente reserva de terreo en solo rústico e a cláusula de solicitude á Deputación da transferencia de titularidade a favor do Concello do tramo de vía provincial afecta.

Consideracións sobre a documentación recibida.

Da análise da documentación recibida, compre salientar:

Existe informe favorable á delimitación dos núcleos O Toxeiro, Mide, Moutillón, As Caaballas, Desecabo, A Millarada, Toiral, O Calvario, O Carballal, A Escanabada e Bogaloso, de data 01.08.2014.

Que se solicita un novo informe por modificacións nos núcleos de A Millarada e A Escanabada, con respecto ao informe favorable anteriormente indicado.

Con respecto aos núcleos que se propón modificar, indícase:

A Millarada:

No plano MP06-12 atópanse identificadas as estradas provinciais que afectan ao núcleo, a LU-P-1704 e LU-P-1705, e conta con alineacións de viario marcada a mínimo 8 m do eixo.

NÚCLEO	LU-P-	MARXE	COORDENADAS ETRS 89 UTM 29		ALINEACIÓN m
			INICIAL	FINAL	
A MILLARADA	LU-P-1704	dereita	X-614500 Y-4784200	X-614545 Y-4784156	a eixo 8
		esquerda	X-614720 Y-4783967	X-614749 Y-4783936	a eixo 8
		ambas	X-614749 Y-4783936	X-614796 Y-4783886	entre alineacións 16
	LU-P-1705	esquerda	X-614674 Y-4783683	X-614762 Y-4783590	a eixo 8

Os planos está referenciada a cuadrícula ETRS89 UTM29.

A Escanabada:

No plano MP010-12 atópase identificada a estrada provincial que afecta ao núcleo, a LU-P-1611, e conta con alineacións de viario marcadas a mínimo 8 m do eixo.

NÚCLEO	LU-P-	MARXE	COORDENADAS ETRS 89 UTM 29		ALINEACIÓN m
			INICIAL	FINAL	
A ESCANABADA	LU-P-1611	dereita	X-623589 Y-4781332	X-623623 Y-4781329	a eixo 8
		ambas	X-623623 Y-4781329	X-623733 Y-4781300	entre alineacións 16
		dereita	X-623733 Y-4781300	X-623753 Y-4781293	a eixo 8
		ambas	X-623753 Y-4781293	X-614762 Y-4783590	entre alineacións 16
		esquerda	X-614762 Y-4783590	X-623889 Y-4781189	a eixo 8

Os planos contan coa cuadrícula de coordenadas no sistema de referencia ETRS89 UTM29.”



Por todo o anteriormente exposto, este Servizo de Vías e Obras respecto ao documento presentado, e a efectos da Lei 8/2013 de estradas de Galicia no que se refire ás vías de competencia desta Deputación, , proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Emitir informe sectorial favorable ao instrumento de planeamento urbanístico.

2º.- Emitir informe favorable ao recoñecemento da delimitación dos treitos urbanos contidos no mesmo e relacionados no presente informe que, conforme ao artigo 62 do Regulamento xeral de estradas de Galicia, só terá efectos no momento no que o instrumento de planeamento sometido a informe entre en vigor.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE INFORME SECTORIAL EN MATERIA DE ESTRADAS RELATIVO AO EXPEDIENTE DE PROXECTO DE DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL DE MUÑÍS. CONCELLO DE NAVIA DE SUARNA (LUGO).

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“En relación co escrito de Rexistro 2021RPE001957 de 12.02.2021, do Concello de Navia de Suarna, remitindo enlaces aos documentos do Proxecto de delimitación do núcleo rural de Muñís, Navia de Suarna (Lugo), visto o informe do Servizo de Vías e Obras de data 11.11.2021 que di:

“Antecedentes e obxecto.

O presente informe ten carácter sectorial de estradas e emítese de acordo ás disposicións contidas na vixente redacción da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (LEG 8/2013).

O obxecto último do informe sectorial de estradas vén a ser o recoñecemento aos treitos de vías provinciais que discorran por solo clasificado como urbano ou de núcleo rural o carácter de “treitos urbanos”, para o que se require que no instrumento de planeamento figuren marcadas as aliñacións e que sexan informadas favorablemente polo organismo titular da estrada conforme ao artigo 7 da LEG 8/2013, o que permitiría a edificación a unha distancia inferior á xeral, e atribuiría ao Concello a competencia para autorizar as construcións nas marxes do treito urbano segundo ditas aliñacións.

No presente informe comezase por expoñer e xustificar os criterios que se considera que deben aplicarse aos treitos urbanos das estradas provinciais, con obxecto de establecer unha sistemática de carácter xeral para a súa aplicación aos numerosos núcleos rurais situados nas marxes das vías provinciais no termo municipal.

Fundamentos Legais.

A regulación das vías provinciais debe facerse por referencia á Lei 8/2013 de estradas de Galicia, estando o réxime xeral vixente contido esencialmente nos seguintes artigos:

7. Treitos urbanos

Para os efectos desta lei, considérase treito urbano dunha estrada aquel que discorre por solo clasificado polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico como urbano ou de núcleo rural cando, neste último caso, conte con aliñacións marcadas no antedito instrumento e aquel fose sometido a informe favorable, conforme esta lei, pola administración titular da estrada.

8. Travesías

8.1. Para os efectos desta lei, considérase travesía o treito dunha estrada no que, discorrendo por solo clasificado como urbano, existen edificacións consolidadas que formen parte do núcleo de poboación.

23. Coordinación co planeamento urbanístico

23.2. Nos supostos de redacción, revisión ou modificación de instrumentos de planeamento que afecten ás estradas existentes ou ás actuacións previstas nos plans de estradas vixentes, o concello remitirá, con posterioridade á súa aprobación inicial, o correspondente documento ás



administracións titulares das estradas afectadas para que o informen. O informe terá carácter vinculante e deberá ser emitido no prazo de tres meses; transcorrido este, entenderase favorable.

No caso de ser desfavorable, o informe indicará expresamente, se é o caso, as normas vulneradas.

23.3. Nos treitos urbanos das estradas, o instrumento de planeamento urbanístico determinará a aliñación de edificación, que poderá fixarse, de xeito motivado, a unha distancia inferior á que prevé a lei con carácter xeral para a liña límite de edificación das estradas, valorando a existencia de edificacións continuadas preexistentes, así como a concorrencia de razóns técnicas, socioeconómicas ou de orografía do terreo que poidan aconsellar a redución.

38. Zonas de protección da estrada e liña límite de edificación

38.4. Nos treitos urbanos das estradas non se establecen nin zonas de protección da estrada nin liña límite de edificación.

41. Delimitación da liña límite de edificación

41.1. A liña límite de edificación está situada a ambas as dúas beiras da estrada cun trazado que discorre paralelo ás liñas exteriores de delimitación das calzadas a unha distancia, medida horizontal e ortogonalmente a aquelas, de:

a) Cincuenta metros no caso de autoestradas, autovías e vías para automóviles.

b) Quince metros no caso de estradas convencionais. En caso de que unha administración teña aprobado o catálogo da súa rede e no mesmo categorícense funcionalmente as estradas en rede estruturante, rede complementaria e rede local, según o establecido no Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento de estradas de Galicia, a liña límite de edificación estará situada a 15 metros no caso das estradas da rede estruturante e da rede complementaria e a 7 metros para as estradas da rede local.

47. Réxime xeral e competencia

2. A competencia para autorizar a execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade na zona de dominio público da estrada ou nas súas zonas de protección, así como para realizar as actividades de comprobación daquelas suxeitas a declaración responsable no que a lexislación sectorial en materia de estradas refírese, corresponde á administración titular da estrada, excepto na talla de arboleda, que terá que ser autorizada unicamente polo órgano competente en materia forestal, de acordo co disposto na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, ou norma que a substitúa, previo informe preceptivo e vinculante do órgano competente da administración titular da estrada..

Disposición adicional primeira. Edificacións, instalacións e peches preexistentes

1. Nas edificacións, instalacións e peches preexistentes na zona comprendida entre a liña exterior de delimitación da calzada da estrada e a liña límite de edificación poderanse autorizar, ou quedarán suxeitas ao réxime de declaración responsable, de tratarse dos usos previstos no artigo 45 bis, no que á lexislación sectorial en materia de estradas refírese, e sempre que quede garantida a seguridade viaria na estrada e nos seus accesos e non se produza cambio de uso nin incremento de volume edificado, por encima ou por baixo da rasante do terreo:

a) Con carácter xeral, as obras de mantemento, conservación e rehabilitación.

b) Excepcionalmente, obras de rehabilitación estrutural, naqueles supostos de interese público ou social, así cualificados.

Por parte da Deputación Provincial de Lugo, o Pleno de 30 de abril de 2019 adoptou o acordo de categorizar a rede de estradas provinciais como Rede Local, para a aplicación da redución da liña límite de edificación establecida pola nova redacción da Lei de Estradas de Galicia, tras a aprobación da Lei 3/2018, de 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, e na que se reduce a distancia da liña límite de edificación de 15,00 m a 7,00 m do borde exterior da calzada, debendo resultar fóra da zona de servidume e a distancia non inferior a 10 m do eixe de trazado da vía con carácter xeral en solo rústico, sen prexuízo da posible redución aplicable nos treitos urbanos da estrada conforme ao previsto no artigo 23 da LEG 8/2013. A adopción de dito criterio foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de data 07.11.2019.

Anchuras de viario en solo de núcleo rural.

A efectos da fixación da anchura mínima necesaria entre liñas límite de edificación para o viario de titularidade provincial que discorra por tramos de solo clasificado como de núcleo rural por este Servizo véñse considerando, por razóns técnicas de carácter xeral, que a banda de protección destinada ao viario debería alcanzar polo menos unha anchura desexable de 16 metros que permitiría a implantación da seguinte semi-sección tipo:

Carril de calzada: 3,50 m.

Beiravía: 0,50 m.

Banda de aparcamento: 2,00 m.

Beirarrúa: 2,00 m.



Semiancho do vial: 8,00 m.

Esta anchura de vía de 16 metros é concordante coa establecida no seu día no artigo 48.2 Normas de calidade urbana, da Lei 9/2002 do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia como mínima para os viarios principais de nova apertura nas clases de solo urbano non consolidado e urbanizable, e permite o cumprimento do disposto na Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade da Comunidade Autónoma de Galicia, e o seu reglamento en vigor de aplicación, en canto a ancho de beirarrúas peonís, capaces tamén de acoller a axeitada implantación dos servizos urbanísticos.

Aínda que non se previra a implantación de beirarrúas ou aparcamentos, as dimensións desexables con carácter xeral para as vías provinciais requirirían un ancho coincidente co anterior segundo a seguinte distribución:

Carril de calzada: 3,50 m.

Beiravía: 0,50 m.

Cuneta e noiro: 2,00 m.

Beirarrúa: 2,00 m.

Semiancho do vial: 8,00 m.

A banda de 2,00 m de dominio público contiguo estaría destinada á protección da estrada mediante recuamento dos cerramentos de fincas e á instalación prioritaria das canalizacións públicas de servizos de obrigada prestación municipal conforme ao RDL 781/1986 como abastecemento de auga, saneamento e alumeadado público, así como doutros servizos de interese xeral de enerxía eléctrica, telefonía e gas.

A anchura xeral de 16,00 m desexable para a vía provincial en solo de núcleo rural podería verse reducida pola existencia de edificacións continuadas no treito da travesía rural ou por outras causas das establecidas no artigo 23.3 da LEG 8/2013.

Ditas aliñacións oficiais de viario poderán chegar a coincidir coas aliñacións de edificación nos tramos nos que o plan non estableza recuamento frontal respecto á vía por tratarse de

edificaci3ns en ordenaci3n aliñada co viario e en contacto co borde da beirarrúa existente ou da prevista, en xeral a 8,00 m do eixe da vía ou á distancia inferior se correspondese a unha aliñaci3n consolidada por edificaci3ns continuadas ou por beirarrúa existente que se mantivera.

Nos casos xustificados podería reducirse o ancho xeral de 16,00 m previsto da vía a 14,00 ou 12,00 m mediante a supresi3n dunha ou as dúas bandas de aparcamento, e mantendo unha anchura desexable de 8,00 m entre bordos para os carrís e beiravías de calzada que permitiría o cruzamento de dous vehículos aínda coa presenza doutro estacionado ocasionalmente na vía, se ben sería admisible no caso de edificaci3ns continuadas un semiancho mínimo estrito de 5,00 m entre o eixe e a aliñaci3n de edificaci3n.

Tales reduci3ns do semiancho xeral da aliñaci3n oficial de viario do eixe deberá xustificarse polo grado de continuidade da edificaci3n, ou dos outros supostos establecidos no artigo 23.3 da LEG 8/2013, debendo evitarse que a eventual existencia de edificaci3ns illadas próximas á vía leve a reducir o ancho da aliñaci3n en toda a lonxitude do tramo de núcleo rural.

O caso de ancho mínimo estrito de viario provincial esixible para a súa funcionalidade e seguridade viaria, en treitos puntuais e coa correspondente xustificaci3n pola existencia no ámbito dun núcleo de edificaci3ns continuadas ás que se refire o artigo 23.3 da LEG 8/2013 correspondería a vía de 10,00 m de ancho total entre aliñaci3ns, ou 5,00 m entre o eixe e a liña de edificaci3n máis próxima, podendo estudarse a eventual modificaci3n do trazado do eixe nun tramo da vía dentro do núcleo rural de xeito que manteña a continuidade de trazado nas súas conexi3ns cos tramos non modificados.

A partir do eixe actual da estrada ou do proposto para a súa mellora resultarán definidas as aliñaci3ns xerais de viario a 8,00 m, grafitaranse os treitos en que non afecten a edificaci3ns existentes. Se estas foran continuadas, consolidarán a aliñaci3n correspondente.

Nas edificaci3ns illadas existentes a distancia inferior á aliñaci3n de edificaci3n homoxénea fixada para o treito esta grafitarase con liña de trazos sobre ditas edificaci3ns, coa indicaci3n na lenda do Plano da necesidade de obter autorizaci3n previa da Deputaci3n para a realizaci3n de obras por diante de dita liña nas condici3ns da Disposici3n adicional primeira da



LEG 8/2013, resultando autorizables en todo caso as obras de mantemento, conservación e rehabilitación.

A posible existencia de situacións actuais con semiancho viario inferior ao mínimo estrito indicado e cuxas aliñacións pretendan manterse, poderá requirir a previsión no planeamento dunha variante do trazado da vía provincial coa correspondente reserva de terreo en solo rústico e a cláusula de solicitude á Deputación da transferencia de titularidade a favor do Concello do tramo de vía provincial afecta.

Consideracións sobre a documentación recibida.

Da análise da documentación recibida, compre salientar:

Atópase correctamente identificada a vía provincial LU-P-3502 “LU-722-Muñís-Rao” en todos os documentos revisados.

No plano de ordenación Muñís 5.1 atópase identificada a estrada provincial que afecta ao núcleo, a LU-P-3502, e conta con alineacións de viario marcadas a mínimo 8 m do eixo.

NÚCLEO	LU-P-	MARXE	COORDENADAS		ALINEACIÓN m
			INICIAL	FINAL	
MUÑÍS	LU-P-3502	ambas	X-665209 Y-4759425	X-665241 Y-4759426	entre alineacións 16
		dereita	X-665241 Y-4759426	X-665248 Y-4759429	a eixo 8

As coordenadas atópanse no sistema de referencia ETRS89 UTM29.

Os planos contan coa cuadrícula de coordenadas no sistema de referencia ETRS89 UTM29.”

Por todo o anteriormente exposto, este Servizo de Vías e Obras respecto á documentación presentada, e a efectos da Lei 8/2013 de estradas de Galicia no que se refire ás vías de competencia desta Deputación, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Emitir informe sectorial favorable ao instrumento de planeamento urbanístico.

2º.- Emitir informe favorable ao recoñecemento da delimitación do treito urbano contido no mesmo e relacionado no presente informe que, conforme ao artigo 62 do Regulamento xeral de estradas de Galicia, só terá efectos no momento no que o instrumento de planeamento sometido a informe entre en vigor.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CORRECCIÓN DE ERRO EN RELACIÓN Á RENUNCIA DA ASOCIACIÓN IRMANDADE AUGAS SANTAS NA ANUALIDADE 2020.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“En relación cos expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 18 de decembro de 2020, onde se resolveu o concurso convocado, segundo o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 203, do día 4 de setembro de 2020, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2020, e téndose producido erro material (Art. 109 Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), proponse á Xunta de Goberno a corrección do citado erro no seguinte sentido:

Onde dí,

Propoño.

Que pola Xunta de Goberno, se procede, se aprobe a seguinte renuncia:



ENTIDADE	CIF	SUBVENCIÓN
ASOC. CULTURAL IRMANDADE AUGAS SANTAS	G27442995	1.815,00

Debe dicir,

Propoño.

Que pola Xunta de Goberno, se procede, se aprobe a seguinte renuncia:

ENTIDADE	CIF	SUBVENCIÓN
ASOC. CULTURAL IRMANDADE AUGAS SANTAS	G27442995	1.715,00

Todo ao que se lle da traslado aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PERDA DO DEREITO AO COBRO TOTAL DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ESCUDERÍA COMARCA DA ULLOA NA ANUALIDADE 2017.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda retirar o presente asunto da Orde do Día por terse incluído por erro ao estar xa aprobado por resolución da Presidencia.

10.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO 430/2021.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“En relación co Decreto de data 17 de setembro de 2021 ditado polo Xulgado do Social nº3 de Lugo relativo ao Procedemento Ordinario 430/2021 seguido a instancia de D. Héctor López Bohorque fronte á Deputación e Empresa de Transformación Agraria TRAGSA en materia de recoñecemento de dereito, no que se acorda admitir a demanda presentada e se cita ás partes para a

celebración do acto do xuízo o día 22 de novembro de 2021 ás 11.30h, á Xunta de Goberno propónse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no procedemento indicado.

2º.- A remisión, de ser necesario, da documentación ao Xulgado do Social nº3 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento, se fora preciso, de todos os que aparezan como interesados no procedemento.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

12.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.